

***RELIXIOSIDADE POPULAR NO MUNICIPIO DE LUGO:
SANTUARIOS. CENTROS DEVOCIONAIS E DE PETICIÓN.
FESTAS PARROQUIAIS.***

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

PUBLICADO NA REV. CROA, Nº 32, 2022.

RELIXIOSIDADE POPULAR NO MUNICIPIO DE LUGO: SANTUARIOS. CENTROS DEVOCIONAIS E DE PETICIÓN. FESTAS PARROQUIAIS.

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

A. INTRODUCCIÓN.

Aínda que o espazo, que vai ocupar este artigo, non me permite tratar os diferentes temas dun xeito exhaustivo, Non obstante pretendo facer alusión aos seus aspectos máis relevantes. Así, polo que respecta á análise dos seis santuarios do municipio lugués, fago mención a datos relacionados coa súa localización; coas súas peculiaridades artísticas e históricas; e, tamén, a outros, que teñen que ver coa devoción popular existente nos mesmos. Estoume a referir ao seu territorio de influencia; aos pedimentos, que se levan a cabo por parte dos devotos; e, finalmente aos diferentes rituais e ofrendas, cuxo cumprimento constitúe a base esencial da relación de reciprocidade, mantida entre o devoto e a entidade sacra.

En canto aos centros devocionais e de petición analizo dunha maneira concisa o culto que se realiza durante o ano a diferentes “entes sacros”, que están situados nalgúns altares e pequenas capeliñas da Catedral lucense, e doutras igrexas e capelas da parroquia de Lugo. Con todo, estas entidades sacras teñen o seu propio día de festividade ao longo do ano, que vai a ser cando a afluencia de fieis sexa maior.

Finalmente, fago referencia aos trazos máis peculiares dunha festa parroquial, distinguindo ás que se seguen conmemorando na actualidade neste municipio.

B. OS SANTUARIOS DO MUNICIPIO DE LUGO.

I. NOCIÓN DE SANTUARIO.

O santuario é un lugar de culto simbolizado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial ao que acoden devotos non só da comunidade parroquial, na que se ubica o espazo sagrado, senón tamen doutras freguesías. Neste último caso adoitan vir dun xeito individual ou colectivo. Polo tanto, podemos facer alusión a un espazo xeográfico ao que

o antropólogo W. A. Christian denomina “territorio de graza”, sobre o que un santuario proxecta a súa influencia en función do poder de convocatoria que exerce a súa imaxe sagrada en cuestión. Este territorio –segundo *Carme Pernas*– pódese reducir a un ámbito parroquial, municipal, comarcal, regional e extra-rexional, que é o menos frecuente ¹. Os devotos veñen a este recinto sagrado por un dobre obxectivo:

1º. Pregar da imaxe sagrada² a súa intercesión ante determinadas peticións de índole material –prevención e sandación de doenzas, boas colleitas, facenda familiar etc.,– e de carácter espiritual.

2º. Cumprir unha serie de promesas á devandita imaxe logo de que lles concedese as rogativas solicitadas. (FOTO N°1).

“Los santuarios son percibidos como espazos sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva” ³.

“Los santuarios son lugares precisos de transformación de la energía divina para utilización humana y de transformación de la energía humana para propósitos divinos”⁴.

Por outra banda, na análise que fai o crego Xosé Antón Míguélez sobre os santuarios distingue os seguintes elementos: a vivencia do social vencellado a uns lugares e obxectos concretos; o predominio da emoción sobre a racionalidade; a cosmovisión estática e non histórica; e o carácter popular pouco institucionalizado ⁵.

¹ BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carmen: “ I. Introducción: As romarías e o seu significado” (Os santuarios do concello de A Pastoriza (Lugo), en *Rev. Croa*. Asociación Amigos do Castro de Viladonga. Castro de Rei .Lugo. Referencia de: Carme Pernas Bermúdez, páx.71.


² A imaxe sagrada está representada por diferentes advocacións de Cristo, a Virxe, e os Santos, que son avogosos ante diversos males.

³ PRAT I CAROS, Joan: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en *La Religiosidad popular, III*. Hermandades, Romerías, Santuarios. Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

⁴ WILLIAM A. CHRISTIAN, Jr: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, páx. 126.

⁵ MIGUÉLEZ DÍAZ, Xosé Antón: “Relixiosidade popular galega. Aproximación e chamadas”, en *Estudios Mindonienses*. Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol. T.2, páx. 248.

**** LOCALIZACIÓN DOS SANTUARIOS DO MUNICIPIO DE LUGO.***



II. SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DOS OLLOS GRANDES.

COORDENADAS U.T.M.

X: 617.503 Y: 4.762.822

1. SITUACIÓN E SINGULARIDADES ARTÍSTICAS.

No testeiro da catedral lucense hai unha importante capela barroca, que foi deseñada por *Fernando de Casas Novoa*. Este, tamén, foi o director de todo o conxunto e o que asumiu a responsabilidade de toda a obra, que iniciada no ano 1726 rematou once anos despois, contando coa colaboración de *Miguel de Romai, Lucas Ferro Caaveiro e García de Bouzas* ⁶. Nesta capela vénrase unha imaxe mariana, tallada en pedra, que ten o neno no brazo esquerdo e sostén o peito coa man dereita. Ademais, amosa a gorxa abultada e os ollos grandes, semellantes ás estaturas hieráticas do Alto Medievo⁷. Esta imaxe, probablemente do século XIV, foi moi reformada posteriormente. As continuas transformacións, que sufriu, afectaron a súa pintura e a súa policromía conseguindo que o rostro hierático da escultura do medievo acadase unha doce expresividade. Esta imaxe recibiu no transcurso dos anos diversos nomes. Así, chamouse nos seus inicios “Nosa Señora de Lugo”, por terse colocado e mesmo fabricado en dita cidade. Logo, deronlle os nomes de “Santa María la Grande”, “Santa María la Mayor”, “Santa María de la Victoria”, sendo nos últimos séculos máis coñecida e venerada polo nome de “Nosa Señora dos Ollos Grandes”⁸. **(FOTO Nº 2)** Esta está situada nun baldaquino de madeira, que se ergue sobre un pedestal central con formas ochavadas e con dous altares: un, na parte frontal; e, outro, no reverso. Esta obra está unida aos piares do cruceiro por consistentes volutas. Consta de tres partes. A primeira presenta o sagrario coa escena da última cea; o pelícano, como símbolo eucarístico; e as figuras das virtudes teolóxicas. A segunda parte ou corpo central, amosa o camarín da Virxe cunha aureóla ó seu redor, formada por anxos en variadas posturas, nubes e flores; este corpo central remata nun medallón, que mostra a representación da Trindade. Finalmente, o corpo superior ou remate, está provisto de molduras, acróteras, e dunha profusa decoración. O baldaquino forma parte dunha capela barroca, pétreo, que amosa unha planta de cruz grega cuberta con bóvedas de cascarón

⁶ GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura. T. IV. 1980, páx. 15.

⁷ CEBRIÁN FRANCO, Juan José. *Guía para visitar los Santuarios Marianos de Galicia*, Madrid: Ed. Encontro, 1987, páx. 156.

⁸ CARDESÓ LIÑARES, José. *Historia, Arte y Tradiciones. Santuarios Marianos de Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia, 1995, páx. 109.

nervadas. Esta péchase cunha cúpula coroada por unha lanterna sobre machóns con tres piastras. Tanto os medallóns como os óvalos amosan representacións marianas de índole alegórica ⁹.

O 15 de Agosto de 1904 a talla da Virxe dos Ollos Grandes foi coroada canónicamente, sendo bispo da diócese *D. Benito de Murúa y López*. Todos os anos unha representación da corporación municipal, encabezada polo alcalde/alcaldesa, o en su ausencia polo tenente de alcalde realiza unha ofrenda floral á Virxe dos Ollos Grandes como patroa da cidade ¹⁰.

2. REFERENCIAS HISTÓRICAS E DEVOCIONAIS SOBRE A IMAXE MARIANA.

Probablemente a primeira mención histórica encontrámola no bispo Odoario quen, en tempos do monarca asturiano *Alfonso I*, restaura a cidade e igrexa de Lugo, destruída polos árabes. Isto levoa a cabo baixo o patrocinio e a devoción da Virxe de Lugo ¹¹. No seu testamento, *Odoario* ofrece a Santa María a súa obra, e termina invocandoa e afirmando que na súa honra brilla esta Santa Igrexa. A comezos do século IX *Alfonso II* o Casto, denantes da batalla de Santa Cristina do Viso (O Incio), vén a postrarse co seu exército ante a Santa María de Lugo. Logo, no transcurso dos séculos X-XII, a mención a Santa María de Lugo foi constante nun bo número de documentos. Así, foi relevante a devoción, que mantiveron pola imaxe mariana tanto a raíña *Dª Urraca* como o seu fillo o rei *Afonso VII*. Posteriormente, o rei *Afonso X o Sabio*, na cantiga LXXVII, formada por oito estrofas e un retrouso, narra a milagrosa curación “na sa igrexa de Santa Maria de Lugo hua muller colleita dos pees e das maos”.

2.1. ALGUNHAS ESTROFAS DA CANTIGA LXXVII ¹².

PRIMEIRA ESTROFA.

*Desto fez Santa María miragre fermoso
en a sua igreya en Lugo grande e piadoso,
por hua muller que avia tolleito,*

⁹ ABEL VILELA, Adolfo de.: *Guía de Lugo. Catedral*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Turismo. S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, 2009, páx. 137.

¹⁰ Así, No ano 2021, unha representación da corporación municipal, encabezada – en ausencia da alcaldesa– polo tenente de alcalde D. Miguel Fernández participou no evento relixioso celebrado no altar maior da catedral, presidido polo bispo da diocese D. Alfonso Carrasco Rouco . Logo, tivo lugar na Capela da Virxe dos Ollos Grandes a “ofrenda floral” diante do altar da Virxe.

¹¹ CEBRIÁN FRANCO, Juan José. *Ob. cit.*, páx. 156.

¹² CARDESO LIÑARES, José.: *Ob. cit.*, páx. 104.

o mais do seu corpo e de mal encolleito
TERCEIRA ESTROFA.

*Pois uiu que lle non prestava nulla meezina
tornouse a Santa María, á nobre Reynna
rogándolle que non catase despeyto
se lle ela fecera mais a seu proveito.*

SEXTA ESTROFA.

*Será agora per min, ca en aquele dia
se fez meter na igreya de Santa María.
Mais a Santa Virgen non alongou preyto
Mas tornoulle o corpo todo escoreyto.*

O RETROUSO VAI REPITINDO A CADA ESTROFA:

Da que Deus mamóu o leite do seu peito.

Deste fermoso retrouso algúns historiadores deducen que este poema fixose mirando a actual talla dos Ollos Grandes, que asoma un peito. Este é recollido pola Nai logo de amamantar o Divino Infante.

3. LENDAS POPULARES E MILAGRES.

Cando unha devoción, como a de Santa María, incide tanto no pobo da lugar a que xordan vivas lendas e se faga mención a milagres, que teñen unha relevante transcendencia no transcurso dos tempos.

Con respecto ás lendas cómpre distinguir as seguintes: o voto dos cornados, o espolio de D^a Urraca e defensa de Lugo do Conde Bolaño ante o ataque de Almanzor ¹³.

3.1. O VOTO DOS CORNADOS. Dise “*que antano as persoas, pertencentes ao bispado lucense, realizaron un voto co fin de contribuír cos seus cornados, que eran moedas de curso legal naquela época, para agradecer á Virxe de Lugo a súa intercesión en diferentes situacións sociais vividas pola poboación*”.

3.2. O ESPOLIO DE DOÑA URRACA. Coméntase “*o feito de que a raíña D^a Urraca roubou cen marcos de prata do tesouro da Virxe de Lugo para poder pagar aos seus soldados, que mantiña unha loita co rei aragonés e, polo tanto, en defensa do seu fillo, o futuro Alfonso VII*”.

¹³ CARDESO LIÑARES, José.: *Ob. cit.*, pág. 106.

3.3. A DEFENSA DE LUGO POLO CONDE BOLAÑO. O pensador Carré Alvarellos manifesta *“que alá, polo ano 997, chegou Almanzor nunha das súas incursións polas terras galegas, diante da cidade de Lugo, que pechou as portas das súas murallas, dispoñéndose a súa defensa... Logo dalgúns meses de asedio, comezou a escasear tanto a auga como os alimentos. Foi o momento no que un fidalgo, valente mais, tamén, fanfarrón dixolle ao caudillo árabe de que aínda tiñan alimentos suficientes para resistir o asedio moitos meses, e que dun momento a outro ían chegar reforzos. Para querer constatar o feito, o fidalgo, botoulle desde a muralla un cordeiro e un pan, o que motivou que Almanzos levantase o asedio. Pois ben, desde entón o fidalgo denominouse Bolaño, de “bolo” (pan) e “año” (cordeiro), atribuíndose este feito á Virxe”*.

Por outra banda, o pensador Villafañe, seguindo os relatos de Pallares, fai alusión a doce milagres de sandacións repentinas de doentes ofrecidos á Nosa Señora e unxir as súas doenzas co aceite da lámpada, que ardía diante da súa imaxe catedralicia ¹⁴.

4. DEVOCIÓN POPULAR.

O historiador lucense Vázquez Saco, na primeira metade do século XX, danos a seguinte visión da devoción existente en Lugo á Virxe dos Ollos Grandes. *“Millares de lucenses, visitan todos los días al Señor continuamente expuesto en nuestra Basílica, y después acuden indefectiblemente a los pies de la Virgen de los Ojos Grandes, a exponer sus necesidades, pedir remedio para sus cuitas o agradecer favores recibidos. Muchas personas devotas alumbran a diario su imagen, muchas a diario recorren de rodillas una o varias veces el espacio contiguo a su altar, muchas diariamente rezan allí privada o colectivamente el santo rosario....”*¹⁵.

Daquela era moi habitual ver a devotos mollar cuns panos o aceite dunha lámpada, que iluminaba o altar da Virxe e, logo, pasalos polo corpo para sandar doenzas, ligadas coa pel.

Na actualidade aínda seguen vixentes importantes mostras de devoción á Virxe dos Ollos Grandes. Así, hai un bo número de persoas, que visitan a diario a Catedral, para rezar diante da súa imaxe de devoción; oen algunha das misas, que se celebran a diario ¹⁶; ademais, algúns aínda seguen dando algunha volta de xeonllos ao espazo contiguo ao seu altar.

¹⁴ VILLAFANE, Juan de.: *Compendio histórico de las imágenes de Nestra Señora en España*. Madrid., 1724.

¹⁵ VÁZQUEZ SACO, F.: *Nuestra Sra. de los Ojos Grades. Patrona de Lugo*, Lugo: Imp. La Voz de la Verdad, 2ª, 1973.

¹⁶ Actualmente, co Covid, únicamente se oficia unha misa ás 9 da mañá todos os días. Denantes celebrábanse ata catro misas diarias.

5. DIMENSIÓN PROFANA.

O 15 de Agosto do ano 1736 e, con motivo da inauguración da capela da Virxe dos Ollos Grandes, realizáronse os seguintes festexos: trouxeronche doce touros de Benavente ou Salamanca con toreadores de Castela; seis comedias...; dous días de *sortija*, unha seria e outra burlesca; un día de alcancías e outro de Mojiganga con carro triunfal e serenata de música; e fonte perenne de viño o día da Nosa Señora. Logo, tanto ao celebrarse durante o ano 1904 o cincuentenario da Proclamación do dogma de Inmaculada Concepción como ao cumprirse os cincuenta anos deste glorioso evento da Coroación, a cidade de Lugo, representada polo seu alcalde e rexedor –*Sr. Ameijido*– realizou magníficos festexos populares, a base de bailes, concursos, teatro, xogos...¹⁷.

III. SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DO CARMEN.

COORDENADAS U.T.M.

X: 617.255 Y: 4.762.914

1. FESTIVIDADE E TRAZOS ARTÍSTICOS DA CAPELA.

O 16 de Xullo conmemórase a festividade da Virxe do Carme na capela do mesmo nome, sita no Regueiro dos Hortos (Lugo), barrio onde naceu San Froilán. Acoden devotos preferentemente da cidade de Lugo. Nesta capela todos os dezaseis de cada mes celébrase ademais un oficio relixioso por todos os confrades desta advocación mariana; tamén leváanse a cabo vodas e primeiras comunións.

Nos seus inicios esta capela era a antiga ermida da Nosa Señora do Camiño, que foi derrubada para construír o actual recinto sacro entre os anos 1778 e 1820. A capela, de estilo barroco, está estruturada a partir da capela maior en tres corpos, delimitados por piastras con base moldurada e potente cornisa. As bóvedas da capela maior e a do coro son de canón, mentres que as dúas intermedias son de aresta. Posúe tres retábulos: o da Virxe do Camiño, do primeiro terzo do século XVI; o de San Ramón, restaurado no ano 1828; e o da capela maior, de estilo neoclásico. A Virxe do Carme, construída no século XIX polo escultor *Francisco Bellver*, está nun camarín. Este posúe quince espellos, distribuídos en tres grupos de cinco, que representan os misterios do Sto. Rosario.

¹⁷ CARDESO LIÑARES, José.: *Ob. cit.*, páxs. 108 e 110.

2. A CONFRARÍA DO CARME.

O 23 de maio do ano 1773 tivo lugar a institución da confraría do Carme na capela da Nosa Sra. do Camiño, situada no barrio do Carme da cidade de Lugo. Isto levouse a cabo, logo de que o prior xeral da Orde de Carmelitas Calzados expedise no ano anterior patente, para que se puidese constituir a devandita asociación. O día 11 de marzo do ano 1774 celebrouse na capela da Virxe do Camiño a primeira xunta, na que se nomearon os diferentes cargos da confraría do Carme. Estes dedicáronse aos diferentes asuntos ligados coa asociación relixiosa: o goberno e ministerio do culto; o aseo da capela, a limpeza da roupa e a composición dos ornatos e as alfaías; a cera para os enterros; a entrada de confrades; o libro de contas¹⁸. O 10 de maio do ano 1868 estableceronse uns estatutos bastantes polémicos, o que motivou que máis de cen confrades mandasen un escrito ao Sr. bispo da diocese un ano máis tarde, pedindo que se revocasen os mesmos e se volvесе a conceder a xunta xeral, formada por todos os confrades, o dereito a elixir a xunta directiva. Nesta data a confraría posuía máis de 1600 confrades. No intre actual, segundo o presidente da confraría –*Nicolás Rasilla Ballón*– hai uns 800 confrades, que pagan o día da festividade relixiosa dous euros de cota anual.

3. PIEDADE POPULAR.

Ao recinto sagrado, consonte é habitual, acoden moitos devotos para pregarlle á advocación mariana¹⁹ a concesión dalgunha petición ou como agradecemento por un favor recibido. Entre as peticións máis relevantes están as relacionadas coa saúde, coa encomendación para os nenos recién nados; coa busca de solucións a diferentes problemas de índole familiar e social. Sen embargo, hai un pedimento específico consistente na “boa morte”. **(FOTO Nº 3)**

Antano, o 20 de xullo do ano 1828, e ante a ameaza dun forte temporal a confraría do Carme acorda facer rogativas os días 22, 23 e 24 con procesión; o primeiro día ata a Catedral; o segundo ata o convento de Santo Domingo; e o terceiro ata o convento de San Francisco. No ano 1831 fanse rogativas polo mesmo motivo. No ano 1832, e debido ás mortes que está causando o cólera-morbo en Europa, acordase pedir a intercesión da advocación mariana.

¹⁸ FRAGA VÁZQUEZ, Gonzalo: “La capilla del Carmen de Lugo y su cofradía”, en *Lucensia*, nº 3. Biblioteca del Seminario Diocesano de Lugo, 1991, paxs. 81-100.

¹⁹ A advocación do Carme, aparece coroada e sostendo co seu brazo esquerdo ao Neno Xesús.

3.1. PRÁCTICAS RITUAIS

Do 8 ao 16 de xuño celébrase unha novena na honra da Virxe do Carme, consistente no rezo do Santo Rosario, nas oracións xerais e propias de cada día, na celebración dunha misa, e nas peticións dos fieis asistentes. Os actos da novena celebranse dúas veces cada día: ás 8:30 da mañá e ás 19:30 horas da tarde, para permitir que os fieis poidan elixir a hora máis axeitada.

O día da festividade relixiosa, os fieis oen unha das misas, que se ofician nesta capela, desde primeiras horas da mañá –8:30 horas– ata primeiras horas da tarde –13 horas– para rematar as 19:30 horas coa misa solemne concelebrada no ano 2013 por tres cregos da cidade lucense. Logo da misa, os devotos participan na procesión, que percorre a rúa principal do barrio do Carme. A orde da mesma é a seguinte: a cruz parroquial, levada por un devoto; os dous ciriais, levados por mulleres devotas; a advocación mariana, portada nas andas por catro homes (confrades); como remate, os cregos concelebrantes e un bo número de devotos dispostos sen distinción de idade e sexo. No século pasado e ata finais da década dos sesenta a procesión percorría as seguintes rúas: Porta de Sant-Iago, Pio XII, praza de Santa María, de España, rúa da Raíña, praza de Santo Domingo, rúa de Armañá, de Conde Pallares, da Cruz, praza do Campo, rúa do Miño e praza do Carme. Denantes de que os porteadores da imaxe mariana a introduzcan no interior da capela, colocana fronte á mesma e, nese intre, os cregos concelebrantes e os fieis asistentes cantan a “Salve”. Logo, hai devotos que pasan por baixo das andas da Virxe, e tocan coas súas mans e panos o seu manto cunha finalidade profiláctica e sandadora. Este último ritual realízase tamén no interior da capela. **(FOTO N° 4)**

Ao rematar a procesión, lévanse a cabo dous rituais no interior da capela: a imposición do escapulario e a entrega de rosas, que ornamentaron a imaxe mariana, aos fieis. O escapulario do Carme é colocado nos pescozos dos devotos, que o desexen, polo párroco de San Pedro, e rector deste santuario, *D. Indalecio*, quen reza previamente a seguinte oración:

“Sr. Jesucristo, Salvador del género humano, santifica con tu mano este hábito, que por amor a ti y a tu madre la Virgen del Carmen llevará devotamente para que por la intercesión de la misma Virgen María sea vea protegida/o del maligno enemigo y persevere en tu gracia hasta la muerte. Tu que vives y reinas, recibe este hábito bendito y ruega a la Santísima Virgen del Carmen que por sus méritos lo lleves sin mancha, te defienda de toda adversidad y te lleve a la vida eterna. Amén.”

Ao mesmo tempo, na parte superior dereita da capela algúns confrades marianos entregan aos devotos as rosas, que ornamentaron a imaxe mariana, durante os diferentes oficios relixiosos celebrados con motivos da súa festividade.

Finalmente, como compensación polos favores recibidos, ou como ofrenda propiciatoria, os fieis depositan nunha boeta, situada ao carón da advocación mariana, unha esmola en metálico; tamén realizan esta ofrenda en dous petos, colocados na capela: un, adicado a Virxe do Carme, e o outro a San Ramón Nonato. Así mesmo ofrendan “velóns” –cirios pequenos–; ramos de flores, que contribuen á ornamentación da advocación mariana; e algunhas misas, que o párroco oficia no transcurso do ano.

IV. SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DA SAÚDE.

1. LOCALIZACIÓN.

Dende unha óptica civil, está situado na parroquia lucense de Santa María Madanela de Adai, que posuía –segundo o I.G.E. do ano 2020– unha poboación de 96 habitantes, distribuída nas seguintes entidades de poboación: Adai, As Cancelas, Ferreiros, Porto Meilán, Vilamaior, e Vilar. Pola contra, dende unha perspectiva eclesiástica o recinto sacro pertence á freguesía de Santa María Madanela de Adai, arciprestado de Cotos da Dereita, e diocese de Lugo.

1.1. COORDENADAS U.T.M.

X: 630.794 Y: 4.789.770.

2. RESEÑA ARTÍSTICA.

Este templo, de estilo neogótico, foi realizado no ano 1901, segundo consta nunha inscrición existente na fachada. A nivel externo, posúe unha fachada, construída con aparello de sillar, que amosa unha espadana de dous vanos na súa parte superior; ademais, mostra dúas portas de acceso ao interior do recinto sacro: unha, principal, que é a da fachada; e a outra, situada na parte lateral dereita; ambas as dúas presentan un arco apuntado. Así mesmo, as cubertas do templo aínda que son de pizarra, difieren en canto a súa estrutura; así, mentres que a cuberta da nave é a dúas augas, as da capela maior e sancristía son a catro e tres augas respectivamente. Con respecto á parte interior do templo, cómpre distinguir unha nave rectangular cun arco apuntado de descarga, que se prolonga nunha capela maior; esta presenta un arco triunfal apuntado e unha bóveda de

aresta. Ademais, é mester salientar dous retablos: o maior, de estilo neogótico, que contén as talles da Virxe do Carme; da Santa Madanela; e do Sgdo. Corazón; hai outro, situado no lateral esquerdo, do mesmo estilo que o anterior mais cunha talle do San Antón e con dúas marianas ²⁰. **(FOTO N° 5)**

3. PIEDADE POPULAR.

A devoción popular a esta advocación mariana²¹ débese á encomendación que o fregués *Elías Simón Varela*, orixinario de Chantada, lle fixo á Virxe da Saúde para que a súa muller sandase dunha doenza. Concedida a petición, ambos os dous lle regalaron á freguesía unha imaxe mariana, que posiblemente debido á influencia da Virxe da Saúde de Líncora (Chantada), quedase con ese nome. Este feito acaeceu aproximadamente hai uns 70 anos.

No ano 2018, celebrouse a festividade relixiosa o día 23 de setembro, coincidindo co penúltimo domingo de mes. Dende sempre, adoitan acudir devotos das parroquias limítrofes de Meilán, Orbazai, Ombreiro, Bocamaos, Vilachá de Mera... e da cidade de Lugo; hai anos viñan devotos do Barrio da Milagrosa (Lugo), que grazas aos fregueses Pepe e Manolo, da “Casa de Flores” cruzaban o río en barca. Estes soen vir por devoción mais tamén por doenzas humanas, por problemas ligados coa facenda familiar, e nos últimos anos por outros problemas ligados coa realidade actual: paro, diferentes dependencias...

3.1. RITUAIS E OFRENDAS.

No santuario os fieis e devotos establecen unha interacción directa coa advocación mariana baseada en cambios simbólicos e materiais nun proceso de negociación. **“O diálogo entre o homem e os seres sobrenaturais aparece a partir do momento em que alguma perturbação interfere na sua vida”**²². Por tal motivo, é mester que os devotos cumpran cunha serie de promesas, reflectidas en diferentes rituais e ofrendas.

²⁰ GONZÁLEZ REBOREDO, X.Manuel.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Servicio de Publicaciones del M.E.C (Ministerio de Educación y Ciencia). Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, T. I, 1975, páxs. 24-25.

²¹ Aparece cunha coroa e portando co seu brazo esquerdo ao Neno Xesús. Os seus pés están sostidos por un disco ovalado, que amosa dous anxos.

²² PINTO, José.: “Rituais constitutivos da Romaria da Senhora da Peneda. Contributo para o seu Estudo”, en *GEPA*. Terra de Valdevez. Boletín Cultural. Municipio de Arcos de Valdevez, páxs.103-132.

3.1.1. CELEBRACIÓN DUN “TRIDUO” NA HONRA DA VIRXE DA SAÚDE.

Os días 20,21 e 22 de Setembro levouse a cabo un triduo impartido por un coengo e dous cregos. Así, o día 20 –xoves– *D. Manuel Otero Méndez*, Consiliario da Hospitalidade de Lourdes e párroco de Monterroso, foi o encargado de presidir o acto. O día 21 –venres– dirixiu o ritual *D. Miguel Asorei Otero*, Delegado diocesano do clero e párroco de Meira. Finalmente, o día 22, sábado, guiou o acto *D. Daniel Varela Vázquez*, Rector do Seminario Diocesano e coengo da Catedral de Lugo. Todos os días, rezouse ao inicio do acto unha oración; logo, tres Ave Marias, coa súa xaculatoria; unha oración final; e, como remate, oficiouse unha misa, e cantouse o “Himno adicado á Virxen da Saúde”²³. Este consta de catro estrofas. ***“Virgen de la Salud, / Madre de nuestro pueblo,/ en Adai te proclamamos; dicha y consuelo // . // Eres nuestra esperanza, / eres Reina y Señora, / en Adai te proclamamos: dicha y consuelo// . // Tus hijos a Ti acuden / Madre, llena de gracia, / en Adai te proclamamos / dicha y consuelo.// // ¡ Virgen de la Salud,/ escucha nuestra oración, / muéstranos que eres Madre, / Madre de amor!”***. Trátase dun ritual que desperta sentimentos, lembranzas, vivencias relixiosas moi arraigadas. Ademais, é unha oportunidade para revitalizar o culto.

3.1.2. MISAS.

No ano 2018, oficiáronse catro misas rezadas ás 9, 10, 11 e 12 horas para rematar cunha misa solemne ás 13 horas presidida polo bispo da diocese de Lugo, *D. Alfonso Carrasco Rouco*.

3.1.3. RITUAL PROCESIONAL.

Ao rematar a misa solemne saiu a procesión, que cirunvalou o templo parroquial. A súa disposición foi como segue: en primeiro lugar, un fregués da parroquia portou a cruz parroquial; está, foi levada nestes últimos anos por *Avelino Fariñas* e, na actualidade por *Camilio Pacios*. A continuación, un fregués da parroquia levou o estandarte da Virxe da Saúde. Logo, algúns devotos e fregueses da comunidade levaron nas andas as seguintes imaxes: a imaxe do San Antón, que foi portada nas andas por dous devotos na súa parte anterior, e por un home e unha muller na súa parte posterior; a de Santa Rita, levada nas

²³ Letra e Melodía.: MOLEJÓN R. , José. Coengo-Organista (Emérito) da S.I. Catedral b. de Lugo. 2017.

andas por un fregués e unha freguesa na parte dianteira, e por dous freguesas na parte traseira; e, finalmente, a imaxe mariana da Saúde –propia da festividade– que foi levada nas andas por catro devotas e freguesas. Finalmente, os cregos concelebrantes, músicos, e devotos colocados sen distinción de idade e sexo. A procesión é un rito deambulatorio, que ten como finalidade proxectar as manifestacións sacras fora do santuario, sacralizando o espazo circundante. Adoita ser calificada como “grandiosa”, “solemne”, “majestuosa”, “de gala” ²⁴.

3.1.4. RITUAIS DE CONTACTO.

Algúns devotos tocaron coas súas mans e panos a imaxe mariana e, logo, pasaronos pola cara cunha finalidade profiláctica e sandadora. Non obstante, os mais realizaron o ritual de “Poñer o Santo”. Así, o párroco de Adai o un fregués /a da mesma deron a bicar aos devotos unha imaxe pequena da Virxe, mentres recitaban a seguinte xaculatoria: *“A Virxe da Saúde che conserve a salud do corpo e da alma. Amén”*.

3.1.5. RITUAL DAS CHAVES.

Un bo número de fregueses e devotos da Virxe colocaron nunha bandexa as chaves de diferenes pertenzas, que ían a ser bendicidas polo párroco ao rematar a misa solemne e denantes da procesión. É un ritual pouco habitual a nivel colectivo nos diferentes recintos sacros, que foi recuperado hai uns anos polo párroco desta freguesía, D. José Lebón. *“A romaría estivo precedida, tres días antes, dun triduo que se organiza na igrexa, en honra á Virxe, cuxa virtude é a de protexer as chaves das distintas pertenzas que son bendicidas ante o altar, unha tradición recuperada hai dous anos polo párroco de Santa María de Adai, José Lebón, logo de bastante tempo sen celebrarse”*²⁵.

Ademais deste rituais, os devotos cumpriron cunha serie de ofrendas. As máis habituais, foron os cirios de cera, que adoitaron colocar acesos nun lugar axeitado e ao carón do estandarte da Virxe da Saúde; tamen, soeron aportar un estipendio en metálico no intre de “poñer o santo”, ou ben introducilo na boeta, que un fregués pasou entre os fieis asistentes ás diferenes misas. Outras ofrendas de menor relevo foron o ofrecimento de misas, e os ramos de flores. (FOTO Nº 6)

²⁴ LADRA, Lois.: *Religiosidad Popular e Mitos Fundacionais no Douro Transmontano*, Vila Real (Portugal): Camara Municipal de Vila Real, Caderno Cultural, nº24, IV. Serie, páx. 79-

²⁵ BECERRA, Marta.: 21-IX-2015. Diario “El Progreso.

Ao rematar os oficios relixiosos foi cando comezou a dimensión profana, reflectida na comida de irmandade, que o Sábado –día 22– fixeron os veciños baixo unha carpa, onde degustaron varios pratos. Logo do xantar, o grupo *Mato Vizoso* ofreceu unha actuación. Ao día seguinte, seguiu celebrándose a festa profana, coa sesión vermut, que estivo acompañada coa actuación dunha orquestra, que tamén foi a encargada de amenizar a verbena da noite. A comensalía veciñal, actividade que comeza a ser moi habitual nalgunhas parroquias do municipio, serviu para manifestar a identidade da comunidade, a cohesión como grupo.

V. SANTUARIO DO SAN LÁZARO.

1. SITUACIÓN

Trátase dun recinto sacro, que está situado no barrio da Ponte e na marxe dereita do río Miño. Ao seu carón pasa o Camiño primitivo a Santiago de Compostela. É un anexo da parroquia de Santiago de Piugos.

1.1. COORDENADAS U.T.M.

X: 642.029 Y: 4.774.429.

2. TRAZOS HISTÓRICOS E ARTÍSTICOS.

A primitiva igrexa do San Lázaro, do século XII, foi inicialmente a capela do hospital mentres que foi un hospital de leprosos; logo, comezaría a servir a poboación dos arredores. Así, a finais do século XVIII o crego que atendía a institución hospitalaria de San Lázaro xa se titula a si mesmo “Cura de San Lázaro” no asento de casamento duns que chama “feligreses seus”²⁶. O último hospital foi construído no último tercio do século XVIII durante o reinado de Carlos III. Este evento quedou reflectido na fachada dunha das edificacións, que formaban parte do hospital – hoxe rectoral da parroquia– do seguinte xeito: **ESTE HOSPITAL HYZO REYNANDO CARLOS III D.G. VISITADOR PR ADMINISTRADOR D. MAURO VALLADARES SOTOMAYOR PR ADMINISTRADOR D ANTONIO BENITO TEIXEIRO Y MONTEº . AÑO DE 1779.**

²⁶ TERRAS DE AUGA E CULTURA. Igrexa parroquial de San Lázaro. Feader. Xunta de Galicia. Concello de Lugo. Rotulo descriptivo.

Mº FVLGº DVRAN ²⁷. Esta institución tivo moitas donacións desde os seus inicios ata que deixou de funcionar ²⁸. A nivel artístico, podemos distinguir na súa estrutura dúas partes: unha externa e outra interna. En canto á parte externa debemos aludir en primeiro lugar á fachada. Esta foi realizada con apatello de sillar e consta dunha porta alintelada; ademais, posúe unha venta enreixada e unha espadana con dúas aberturas. Na parede lateral esquerda hai un pequeno pórtico, formado por catro piares de granito, que serven de sostén a un tellado dunha soa vertente; os dous piares máis próximos á porta da igrexa están unidos por un arco de medio punto baixo o que hai unha escaleira de catro chanzos pola que se accede ao interior do santuario. Con respecto á parte interna, é mester facer referencia á existencia dunha nave rectangular, que ten unha cuberta de madeira a dúas augas e catro arcos apuntados de descarga sobre piastras; a nave remata nunha capela maior coas súas mesmas proporcións e cunha cuberta a tres augas. Así mesmo, o templo contén un retablo maior de finais do século XVIII, que mostra as talles da Virxe do Rosario; do San Xosé; e do San Lázaro, esta última do século XIX. Ademais, hai un retablo lateral neoclasicista, que amosa as esculturas da Santa Lucía, dunha Virxe, e do San Antón, sen maior interese. Tamén, encontramos por riba da mesa do altar dúas imaxes pequenas da Santa Lucía e do San Lázaro, que se empregan para “poñer o Santo”, o día da festividade do San Lázaro. Finalmente, na sancristía hai unha escultura mariana do século XVIII e mantense o Sagrario orixinal do retablo maior ²⁹

O párroco actual é *Abraham Cupeiro* que, procedente de Albania, chegou a esta diocese no ano 2017, colaborando co párroco *José Antonio Salgado* ³⁰.

3. A DEVOCIÓN POPULAR.

En San Lázaro podemos apreciar a converxencia de dous persoeiros diferentes: dunha banda, San Lázaro de Betania³¹, irmán de María Madanela e Marta, e amigo persoal de

²⁷ GONZÁLEZ REBOREDO, X.Manuel.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos. T. V, 1983, páxs. 199.

²⁸ DE ABEL VILELA, Adolfo.: *La ciudad de Lugo en los Siglos XII al XV. Urbanismo y Sociedad*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Colección Galicia Histórica. Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 2009, páxs.350-354.

²⁹ GONZÁLEZ REBOREDO, X.Manuel.: *Ob. cit.*, 1983, páxs. 197-199.

³⁰ Logo de que este marchara para Lalín (Pontevedra), quedou de administrador parroquial, e pouco tempo despois foi nomeado párroco das comunidades de San Lázaro, Piugos, Calde, Bazar e Esperante. En colaboración coa Asociación de Amigos do Camiño de Santiago, presidida por Anxo Trabada, realizou “*a credencial do Lazarillo*”, tendo unha proxección relevante non só de cara á comunidade de San Lázaro senón tamén de cara ao exterior.

³¹ Poboación cerca a Xerusalén.

Xesús, que logo de morto o resucitou; doutra ao Lázaro da parábola do evanxelista San Lucas, que nos fala da relación existente entre “o rico epulón” e o pobre Lázaro. Este aparece representado como un ancián; barbudo; vestido con roupas vellas; coas pernas cheas de chagas; e rodeado de cans, que lle lamen as chagas. **(FOTO Nº 7)**. Aquí, a iconografía do santo simboliza ao pobre Lázaro da parábola de San Lucas, que apoia a parte dereita do seu corpo nun caxato, que vai vestido con roupas vellas e acompañado por un can no lado dereito.

A festa do San Lázaro celébrase por tradición o domingo previo ao Domingo de Ramos³². No ano 2016, a festividade do San Lázaro recaeu os días 11 –venres–, 12 –sábado– e o 13 –domingo–. Nestes días acudiron devotos da cidade de Lugo e de parroquias limítrofes ao barrio da Ponte por doenzas humanas; tamén por problemas da facenda familiar e por calquera perturbación que poidese alterar o espírito da persoa. O domingo, día principal da festividade, houbo misas rezadas –cada hora– dende primeiras horas da mañá (8 da mañá) ata as 13:30, que é cando se concelebrou a misa solemne na que interviron varios cregos, que acompañaron ao párroco da comunidade. O sábado deste mesmo ano a misa solemne estivo presidida polo bispo da diocese de Lugo, *D. Alfonso Carrasco Rouco*. No ano 2021, debido ás medidas sanitarias implantadas con motivo do COVID, a cabida para as celebración de culto non puido superar o 50%. Polo tanto, para reducir a afluencia de persoas celebrouse a Eucaristía dende as 8 da mañá ata as 13 horas, sendo esta última transmitida en directo por “Youtube”.

Un dos días da festividade, normalmente o sábado ou luns, lévase a cabo unha ofrenda floral polos defuntos da parroquia no cemiterio.

3.1. RITUAL PROCESIONAL.

Ao rematar a misa solemne saíu a procesión, que accedeu ata unha pequena explanada, situada preto do Club Fluvial, onde deu a volta, retornando ao Santuario. A súa disposición foi a seguinte: en primeiro lugar, o pendón parroquial, portado por un fregués da comunidade; a continuación, a cruz parroquial, levada por un veciño da freguesía;

³² Non obstante no ano 2018, quixose adiantar ao domingo anterior (día 9) alegando os organizadores que nas datas habituais había unha coincidencia coas festas do San Xosé das Gándaras, o que repercutía non só na contratación das orquestras, senón tamén na existencia de público.

Con todo, seguiu celebrándose na data tradicional, xa que un grupo de veciños opúxose ao cambio de datas, xa que ía repercutir na chegada de devotos e romeiros ao Santuario. Ademais, o dono do campo da festa tamén estivo en contra deste cambio. Este malestas motivou que un grupo de rapaces, apoiados pola veciñanza organizase as festas do 2018, conseguido traer a orquestra da “Panorama”, como inicio das festas do barrio. (Diario: El Progreso. 11. Marzo. 2018). (Diario: A Voz de Galicia. 18. Marzo. 2018).

logo, a imaxe do San Lázaro, portada nas andas por catro devotos; a continuación, a imaxe de Sta. Lucía, levada tamén nas andas por catro devotas; finalmente os cregos concelebrantes³³; un grupo rexional; e devotos /as dispostos sen distinción de idade e sexo. (FOTO Nº 8)

3.2. RITUAL DE CONTACTO.

O desexo de todo devotos foi tomar contacto coas imaxes , e demais obxectos sagrados do santuario, xa que o sagrado transmite a súa cualidade, é decir sacraliza. As prácticas máis habituais de tomar contacto co sagrado foron “O ritual de “Poñer o Santo” e o “ritual de contacto activo coa imaxe estática”.

* O ritual de “Poñer o Santo” consistiu en que un fregués da comunidade deu a bicar unha imaxe pequena do San Lázaro e, tamén, da Santa Lucía aos devotos, que o desexaron, – por certo, moitos– mentres recitou as seguintes xaculatorias.

“San Lázaro glorioso / de Dios alcanzad gracia / para salvarnos / y para el cuerpo sanidad. Amén” /

“Sta. Lucía gloriosa / proteged a vuestros devotos / con luces del cielo / y vista en los ojos. Amén”/

Hai anos, o encargado de “Poñer o Santo”, facía referencia as seguintes pregarías, en galego.

“San Lázaro glorioso / de Deus acada a gracia / para nos salvar / e para o noso corpo a saúde. Amén”/

“Sta. Lucía gloriosa / protexe aos vosos devotos / con lumieiras do ceo / e vista nos ollos. Amén” /³⁴.

* Tamén hai devotos que pasan as súas mans, panos, e outros obxectos –rosarios, estampas, etc. – polas imaxes do San Lázaro e da Sta. Lucía e, logo, pásanos polas súas partes doentes. Estes panos e obxectos quedan sacralizados ao entrar en contacto coas respectivas imaxes, utilizándose posteriormente cunha finalidade profiláctica e curativa.

“A lóxica interna destes rituais baséase no principio de que os obxectos que entran en

³³ Na procesión do ano 2019, algúns membros do Semimario Misionero acompañaron aos cregos concelebrantes.

³⁴ GONZÁLEZ VIGO, Marcial.: *Terras do Concello de Lugo*. Lugo: Ed. Excma. Diputación provincial de Lugo, 2005, páx. 630.

contacto cun foco de poder determinado –unha imaxe– adquiren as virtudes que emanan del.”³⁵ (FOTO Nº 9)

Por outra banda, nesta relación de intercambio existente entre o San Lázaro e os devotos, é mester ademais cumprir cunha serie de ofrendas. Hoxe lévanse a cabo dun xeito relevantes dúas ofrendas: unha, consistente en aportar cirios de cera, que deixan acesos ao carón das imaxes de devoción; a outra, entregar un estipendio metálico no intre de “Poñer o Santo”, ou senón nunha das boetas, que se encontran no interior do Santuario³⁶. Outras doazóns de menor importancia son os ofrecimentos de misas, e os ramos de flores. Ao rematar os oficios relixiosos do Santuario e o intre no que xorde a súa dimensión profana reflectida en primeiro lugar na compra dunha vara de rosquillas e doutros doces nalgúns dos postos, que están situados preto do recinto sacro. Logo, o efecto compensatorio da romaría –como diría *Mariño Ferro*– pode complementarse acudindo ao “campo da festa”³⁷ onde xa encontramos algúns carruseis, axeitados prós cativos; e asistindo a sesión vermut, amenizada por unha orquestra que, logo, ao anoitecer seguirao facendo na verbena. Cómpre ter en conta que houbo anos nos que a festividade comezaba o venres cun pregón das festas e, logo, tiña lugar unha merenda de peixes, troitas, empanadas, tortillas, viño etc, na que participaban veciños de San Lázaro e asistentes de fora. Tamén, eran moi importantes e de gran sona os fogos de artifício (chamados popularmente “fogos acuáticos”) que tiñan lugar ao carón da ponte.

V. O SANTUARIO DE S. MATÍAS (O VERAL-LUGO).

1. LOCALIZACIÓN.

A nivel eclesiástico, este recinto sacro está situado no lugar do Santo Marías, pertencente á freguesía de San Vicente do Veral, arciprestado de Coutos da Dereita e diocese de Lugo. A nivel civil, está emprazado no lugar do Santo Matías, pertencente á parroquia de San Vicente do Veral, que posuía –segundo o I.G.E. do ano 2020– unha poboación de 141

³⁵ GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Guía de Festas populares de Galicia*, Vigo: Ed. Galaxia, 1997, pág. 128.

³⁶ Hai tres boetas: unha adicada ao San Lázaro, que é a máis peculiar; outra, a Sta. Lucía; e unha terceira, a San Antón.

³⁷ Antano, o “campo da festa” estaba nun pequeno alto, situado á beira da estrada vella á Santiago. Hoxe, está emprazado ao carón do río Miño e, preto do Colexio da Ponte.

habitantes; esta está distribuída nas seguintes entidades de poboación: Astariz, Carballido, Penairada, Rebordaos, Santo Matias e o Veral.

2. DESCRICIÓN ARTÍSTICA DO SANTUARIO E ALGÚNS DATOS HISTÓRICOS.

Trátase dunha capela que en aparencia pode ser dos séculos XVIII e XII, que foi construída con aparello de sillar. Na fachada central amosa unha porta alintelada e unha espadana de dous vanos . O seu interior esta provisto dunha nave rectangular e unha capela maior cun arco triunfal, á que está unida unha sancristía. Ademais, presenta tres retablos. O maior, do século XIX, que mostra as imaxes do San Matías –de vestir–; de San Matías, “de poñer o santo”; e de San Lourenzo. O retablo dereito, de estilo barroco popular, que amosa columnas salomónicas; unha imaxe do San Amaro; e un crucifixo no corpo superior. Finalmente, un retablo esquerdo, do século XIX, coa imaxe marina do Carmen³⁸. Ao carón da porta central do recinto sacro hai “un esmoleiro” adherido á parede, que ten un pequeno oco metálico no muro exterior, polo que os devotos poden depositar a esmola mesmo cando a capela esté pechada. Na parte superior deste pequeno oco metálico, unha inscrición di. ***"Limosna de los gloriosos S. Matías, apóstol, y S. Lorenzo mártir"***. Fronte á porta central da igrexa hai unha inscrición pegada ao muro, que limita o adro, conmemorativa dunha misión que se celebrou nese lugar no ano 1905. Nos séculos XVIII e XIX, este santuario estivo administrado polo párroco de San Vicente do Veral e un mordomo ou depositario, que tiña como principais funcións: recoller a esmola existente nos tres días de festividade do santuario en conmemoración a San Matías, San Lorenzo e San Lázaro; participar na “poxa” pública daqueles produtos en especie, que se xuntaban de esmola; e, tamén, examinar as contas anuais diante do párroco e máis de dúas testemuñas pertencentes á freguesía. Por estas obrigas o mordomo recibiu unha remuneración económica, que foi variando no decurso dos anos en función do nivel de vida. ***"Doce rs.al maiordomo por recoger la limosna en dhos. tres días.."***³⁹ Entre os mordomos máis relevantes podemos distinguir a José de Pacios, que exerceu o seu labor entre os anos 1.835 e 1.865.

³⁸ GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: ***Ob. cit.***, T.VI, 1983, páxs. 218-219.

³⁹ Cofradía de San Marías. Libro I. 1734-1880. Parroquia del Veral. Arciprestazgo de Cotos.páx. 32. Arquivo Central.

Por outra banda, a nova capela foi construída no ano 1826 costando a súa realización 11.903 reais. Na súa construción interviron os canteiros de Melide *D. Andrés Mamoa e D. Gabriel Louzao.* "***D. Bartolomé Andrés Somoza tomó de los gastos en la construcción de la capilla mayor de los gloriosos S. Matías y S. Lorenzo Mártir.....Gasto de la capilla 11.903 rs***"⁴⁰

No ano 1840, o mestre *Pedro Piñeiro*, veciño de Sta. María Alta, construiu as paredes do corpo da capela por pública subasta, importando a obra 4.670 reais. "***Se rebajan a cuenta de cuatro mil y seiscientos y setenta rs. en que fueron rematadas por pública postura las paredes del cuerpo de la Iglesia hasta el mesado del campanario al maestro Pedro Piñeiro...***"⁴¹ No ano 1849, *D. Xoán Montecelos*, de S. Pedro de Calde, realizou o armazón do corpo da capela de S. Matías por 2.300 reales. No 1863, o mestre *D. Manoel Piñeiro* baldosou a devandita capela por 3.000 reales. "***Revajar al depositario José de Pacios la cantidad de dos mil cuatrocientos cincuenta y cinco rs..con ocho mrs.lo que se entregó al maestro Manuel Piñeiro a cuenta de lo que fue contratado el valdosado de dicha capilla***"⁴². No 1.867, *D. Xoán de Bruzos*, veciño do lugar de Astariz, cedeu por 140 reais, abonados polo bispado de Lugo, un terreo de tres ferrados de sembradura para a construción dunha sancristía e formación dun adro de circunvalación ao redor do santuario. A sancristía construíuna o mestre *D. Ramón Antonio Sindín*, costando a obra 1028 reales. "***Entregué a Ramón Antonio Sindín maestro que remató la sacristía de S. Matías, mil y veinte y ocho rs***"⁴³. Finalmente, no ano 1.869, realizouse o muro que delimita o adro por 1742 reais. (NÚM. 10)

3. FESTIVIDADE E TERRITORIO DE GRACIA DO SANTUARIO.

Segundo os "*Feitos dos Apóstolos*", San Matías foi escollido apóstolo, logo da morte e resurrección de Xesús para ocupar o posto de Xudas Iscariote despois da súa traizón a Xesús e o seu posterior suicidio. É moi probable que fora un dos setenta discípulos enviados por Xesús a predicar e sandar. Hai unha tradición que dice que morreu lapidado en Xudea e outra que menciona que a súa morte tivo lugar en Etiopía. Comentase tamén que as súas reliquias foron levadas por encargo de Santa Elena a Treveris (Alemania),

⁴⁰ *Ibidem*. Ano 1826, páxs. 22 y 25.

⁴¹ *Ibidem*. Ano 1840, páx. 37.

⁴² *Ibidem*. Ano 1863, páx. 56.

⁴³ *Ibidem*. Ano 1868, páxs.63-64.

onde venera a súa tumba na abadía dedicada ao santo. A súa festa conmemórase na igrexa latina o 14 de maio ⁴⁴.

Antano, a festividade celebrábase o día 24 de febreiro. Non obstante, hai anos que a comunidade parroquial decidiu modificar esta data para o sábado e domingo anterior ao 14 de maio. Este cambio debeuse fundamentalmente a que no mes de Febreiro o clima é máis adverso e os días máis curtos, e isto motivaba que a festa tivera pouca transcendencia de cara ao exterior.

Na actualidade, acuden devotos das parroquias de Sta. María Alta; de San Vicente do Veral; da cidade de Lugo; e de parroquias limítrofes. Noutroora viñan ademais devotos dos concellos de Begonte, Outeiro de Rei, Friol...

4. PEDIMENTOS DOS DEVOTOS E PROMESAS COA IMAXE DE DEVOCIÓN.

As petición máis usuais polas que acoden os devotos son por doenzas humanas, algunhas vinculadas coa pel, coa vista; por enfermidades de animais, dun xeito preferente cochos e vacas; e por protección da facenda familiar. En xeral, os devotos ofrécese por si mesmos; con todo nalgúns casos interceden por outras persoas que non poden acudir ao santuario por causas de índole maior.

Por outra banda, a promesa é a unidade básica de relación entre o devoto e a imaxe sagrada para resolver unha serie de problemas. Esta consiste nun contacto directo e sagrado de forza moral entre a persoa e Deus por medio dunha serie de mediadores ou intermediarios –diferentes advocacións de Cristo, a Virxe, e os Santos–; tamén, o contacto puidera ser directo coa imaxe de devoción. Neste caso, sería un fin en si mesmo. En todo caso a promesa á imaxe de devoción reproduce dun xeito claro o sistema social vixente, no que polo xeral se moven as relacións humanas en función do sentido de reciprocidade pragmático e na actuación de intermediarios, que teñen como finalidade acadar certas metas a cambio de diñeiro ou dunha posterior prestación cando chegue o momento oportuno. **(FOTO NÚM. 11)**

Pois ben, as petición que describimos están ligadas co cumprimento dunha serie de rituais, que segundo o grao de participación dos devotos teñen un carácter colectivo ou individual.

Entre os rituais colectivos, que tamén son propios dunha liturxia oficialista, distinguimos dous: a ***CELEBRACIÓN DA MISA SOLEMME E O RITUAL PROCESIONAL***.

⁴⁴ Diccionario Biblico Cristiano

Os días da festividade do S. Matías o párroco de San Vicente do Veral oficiou unha misa solemne ás 13 horas, á que asistiron devotos das parroquias mencionadas anteriormente. Ao rematar a misa solemne, sae a procesión que percorre o perímetro do recinto sagrado. A distribución dos diferentes elementos, que interveñen na mesma, dispónse da seguinte maneira: 1º a cruz parroquial, portada por un fregués da comunidade parroquial. 2º. A imaxe mariana do Carme, levada nas andas por catro mulleres da parroquia. 3º. A imaxe do San. Matías, portada nas andas por catro homes da comunidade parroquial. 4º O párroco oficiante. 5º Algúns membros da orquestra e devotos, colocados sen distinción de idade e sexo. A procesión ten por finalidade sacralizar todo o espazo circundante. En relación aos rituais de carácter individual, distinguimos preferentemente tres: ***O RITUAL DE “POÑER O SANTO”. O RITUAL DO SARTEGO. E O RITUAL DE “CORTAR A SOLTA”***. Estes rituais son específicos dunha liturxia popular.

*** O RITUAL DE “POÑER O SANTO”**. Este ritual consiste en que o párroco encargado do santuario ou un fregués/a ligado ao mesmo, cunha imaxe pequena do Santo, fan unha cruz por riba da cabeza dos devotos. Estes bican a imaxe e deixan quedar unha esmola nunha bandexa ou boeta, que se encontra ao carón do poñente, mentres este recita a seguinte xaculatoria:

“S. Matías glorioso te conceda / la salud del alma y del cuerpo./ En el nombre del Padre, del Hijo, / y del E. Santo. Amén”.

Noutro un fregués da comunidade parroquial ao “poñer o santo” recitaba a seguinte xaculatoria: ***“S. Matías vos quite la peste del alma y del cuerpo”***.

Non obstante, dende o primeiro tercio do século XIX o máis común era que o santo o puxese o crego, que administraba o santuario. ***“Y se requiere a este párroco no permita que paisano alguno ponga el Santo, y se permite que lo haga solamente un Eclesiástico vestido con sobrepelliz y no de otro modo”***⁴⁵.

*** O RITUAL DO “SARTEGO”**. Preto do santuario de S. Matías hai un sartego, que pola súa forma puidera ser de parella. Esta sartego, segundo a tradición, contén todo o ano auga pluvial –non obstante houbo anos no que secou– e a el acoden a lavarse algunhas persoas que teñen doenzas ligadas coa visión e coa pel. A finais do século XIX o médico e escritor lucense *Jesús Rodríguez López* expresaba o sentido plurifuncional da “pía” ó

⁴⁵ Cofradía de San Matías. Arquivo Central Diocesano Parroquial. Año 1829

decirnos que **"allí lavan los romeros las llagas y las partes enfermas, ofreciendo a la vista un espectáculo repugnante, pero sublime por la fe que revelan aquellos fieles..."**⁴⁶

O ritual mostra dúas partes claramente diferenciadas:

1ª. As persoas que acoden ao sartego lavan os ollos cuns panos, mollados previamente na agua que hai no interior do sepulcro. A agua ten unha función ambivalente, xa que implica morte (doenza) e rexeneración (saúde).

"El agua mata por excelencia porque disuelve, suprime toda forma, borra el pasado; pero también regenera, porque la disolución va seguida de un nuevo acimiento"⁴⁷. **"El agua, símbolo cosmogónico, receptáculo de todos los gérmenes, se convierte en la sustancia mágica y medicinal por excelencia; cura, rejuvenece..."**⁴⁸

2ª. Os panos déixanse pendurados nunhas silvas que hai ao carón do sartego, existindo a crenza de que, segundo os panos ían podrecendo, as doenzas da vista e da pel tamén ían desaparecendo. Esta segunda fase do ritual simboliza a expulsión do estado de enfermidade e, polo tanto, a recuperación do estado de saúde. Por outra banda, o que se está a facer con esta práctica ritual é imitar deliberadamente aquilo que se pretende acadar. **"Es frecuente que los ritos consistan en una imitación de los efectos que la gente desea producir"**⁴⁹ (FOTO NÚM. 12)

*** O RITUAL DE "CORTAR A SOLTA"**. Este ritual, que se utilizou hai bastantes anos, consistía en que cando un neno tardaba máis tempo do normal en andar, os seus familiares máis achegados levábano á capela do San Matías cos dous pés atados por un fío de lá. No interior da capela, o crego cortáballe ao cativo o fío de lá cunha pequena machada metálica, para que se soltase o antes posible a andar. Este ritual foi descrito por *Jesús Rodríguez López* a finais do século XIX do seguinte xeito: **"son estos niños generalmente raquíticos o debilitados por otras enfermedades. Y cuando por estas circunstancias tardan en andar, los ofrecen al santo, y el día de la fiesta les llevan atados las piernas con cordones de lana. En esta forma entran en la capilla y se dirigen al altar mayor, en cuyo presbiterio hay dos hombres: uno pone el santo al niño y el otro**

⁴⁶ RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús.: *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Lugo: Ed. Celtaa. 5ª ed. 1972, páx. 133.

⁴⁷ FIDALGO SANTAMARINA, J.A.: *Antropología de una parroquia rural*. Orense: Cuadernos do Laboratorio Ourenseño de Antropoloxía Social. Serie Galicia Campesina 1, 1988, páx. 202.

⁴⁸ ELIADE, Mircea.: *Tratado de Historia de las religiones*. Madrid. Instituto de Estudios Políticos, 1954, páx. 189.

⁴⁹ FRAZER, J.G.: *La rama dorada*. México. Fondo de Cultura Económica, 1969, páx. 41.

le corta el cordón que ata sus piernecitas, ya con un cuchillo de madera, ya con uno de plata, entregando la limosna correspondiente..*"⁵⁰. Neste ritual tanto a machada como o coitelo, que son instrumentos reais cunha función concreta, utilízanse como símbolo para "cortar o mal" e deste xeito alonxar a doenza. "¿Qué es lo que hacen cuchillos,navajas,hoces y tijeras? Cortar, y por lo tanto, herir la enfermedad para obligarla a que se vaya***"⁵¹.**

Ademais dos rituais os devotos realizan unha serie de ofrendas ao santo co que se estableceu o cumprimento dunha serie de promesas. Hoxe os devotos levan de ofrenda "velóns de cera", que adoitan deixar acesos a carón da imaxe de devoción; tamén adoitan entregar unha esmola en metálico no intre de "poñer o santo", ou depositala nunha "boeta" do recinto sacro. Ademais, hai outras ofrendas de menor relevancia como os ramos de flores e as doazóns de misas.

Antano, os devotos ofrecían tamén corpos de cera, que representaban a figuras humanas e partes das mesmas, como mans, pernas, pés, etc ; así como figuras de animais: cochos, xatos e vacas. Algúns destes exvotos atópanse hoxe no altar maior do santuario. Ademais, tamén había ofrenda en especie que o mordomo da confraría poxaba perante dúas testemuñas da parroquia. "***Saliu en metálico cento cuarenta e seis rs.con vinte mrs., y en lino veinte e cinco rs,, en centeno veinte e sete, un cordero nove rs...***"⁵²

Ao rematar os oficios relixiosos foi cando comezou a dimensión profana, reflectida dun xeito básico na sesión vermút, amenizada por unha orquestra que, logo, ía seguir deleitando na verbena aos que o tiveran a ben. Nestas datas é mester salientar "a comensalía familiar", que renova e segue mantendo as relación entre amigos e familiares. Así mesmo, na véspera da festividade adoita haber algún tipo de "comensalía veciñal", reflectido ás máis das veces nunha churrascada nas que participa a veciñanza e amigos doutras comunidades. É un momento no que a parroquia amosa unha cohesión como grupo mais tamén proxectase de cara ao exterior.

⁵⁰ RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús.: Ob. cit., páx. 105.

⁵¹ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *La medicina popular interpretada*. Vigo: Ed. Xerais, 1985, páx. 245.

⁵² *Cofradía de San Matías*. Año 1847, páx. 43.

VII. SANTUARIO DO SAN ROMÁN.

1. EMPRAZAMENTO.

A nivel civil, este recinto sacro está situado na parroquia lucense de Santo André de Castro, que tiña –segundo o I.G.E. do ano 2020– unha poboación de 459 habitantes, repartida nas entidades de poboación do Agro do Santo; do Angueiro; do Camiño do Santo; do Camiño do Vilar; do Castro; de Conturiz; do Cuco; de Fontao; e de San Amaro. Dende unha óptica eclesiástica, este santuario pertence á freguesía de San Andrés de Castro, anexa da parroquia de San Mamede de Ánxeles, arciprestado de Coutos da Esquerda e diocese de Lugo.

1.1. COORDENADAS U.T.M.

X: 632.811 Y: 4.707.014.

2. PECULIARIDADES ARTÍSTICAS.

A nivel artístico este recinto sacro, situado nun primitivo castro, foi construído no ano 1872, sendo crego *D. Andrés Gandoi* ⁵³. Amosa na súa estrutura uns trazos moi peculiares. O seu exterior amosa unha fachada con dúas portas de entrada e dous ventanais. Tamén, unha torre de catro vanos sobre un gran piar, que se ergue apoiado pola cara interior ao muro da fachada. Con respecto á cuberta é a dúas augas cunha terceira de cara á parte posterior, que da ao presbiterio e á sancristía. O seu interior contén dúas columnas: unha, de base cadrada; e a outra, octogonal; ambas as dúas separan o templo en dúas partes semellantes, cubertas cunha bóveda de canón e axuntadas por arcos de medio punto, que sosteñen o peso da nave polo seu vértice; da columna octogonal saen os arcos torais, que dan paso ao presbiterio, que tamén é dobre. Por outra banda, o templo mostra no seu interior varios retablos, que se encontran en ambas as dúas partes. Así, a parte lateral sur amosa un retablo neoclásico, que contén as esculturas de Sta. Lucía e San Xosé; ademais, no ático hai un cadro do Sgdo. Corazón de Xesús. A parte lateral norte presenta un retablo

⁵³ Na fachada da igrexa hai unha placa de mármore coa seguinte inscrición. / “*ESTA IGLESIA SE /HIZO SIENDO CURA / D.ANDRÉS GANDOI / EN EL AÑO DE 1872*”/.

semellante a da sur cunha talle de San Ramón, un símbolo trinitario, e unha pintura do Corazón de María no ático. Así mesmo, nesta parte hai outro sinxelo retablo, que contén dúas esculturas do século XVIII, referentes a San Antón Abade e San Roque; e un busto do Pai Eterno no ático. Ademais, hai unha talle do Neno Xesús cunha cruz na man por riba da porta de entrada á sancristía. Tamén, encontramos tres pequenas esculturas do San Román, que se empregan para “poñer o santo”⁵⁴. No ano 1988, sendo párroco *D. Alfonso Mato López*, levouse a cabo unha restauración nesta igrexa⁵⁵. **(FOTO Nº 13)**

Por outra banda, en dirección W., e a uns cincocenta metros consérvanse os restos dunha estrutura rectangular, construída en cachotería de pizarra agás algunhas partes nobres como os arcos e, tamén os esquinais, que son de granito. Os muros alcanzan unha anchura de 1,40 m., dando a sensación que era unha obra destinada a un relevante presbiterio con dúas grandes arcadas laterais, e unha no testeiro⁵⁶. Segundo algúns pensadores trátase dun xacemento romano alto medieval, que está mal conservado. Para outros –lugareños– serían as ruínas do Convento de San Amaro. Non obstante, no exterior deste xacemento, situado no lugar do “Agro do Santo” da devandita parroquia, atopáronse seis tumbas, de laxas de pizarra, datadas entre os séculos VI-VIII, correspondentes ao período suevo. Ademais, no tomo XL da “España Sagrada” encontramos o chamado Testamento Maior do bispo *Odoario* (747) e o diploma “Caelicole Glorioso” de Alfonso III (897), nos que se fai alusión a unha igrexa adicada a San Román⁵⁷.

3. FESTIVIDADE. TERRITORIO DE GRACIA DOS DEVOTOS. LENDA SOBRE O CAMBIO DE UBICACIÓN DO SANTUARIO.

San Román foi un soldado romano que serviu na corte do emperador Valeriano (253-260). Un bo día quedou admirado da valentía e fe, que amosaba o futuro San Lorenzo, xa que as múltiples torturas a que foi sometido, non lograron que renunciase a súa fe e relixión. Isto motivou que decidise converterse ao cristianismo, sendo bautizado polo futuro San Lorenzo no cárcere. Esta acción do soldado deu lugar a que fora xulgado e decapitado⁵⁸.

⁵⁴ VALIÑAS SAMPEDRO, Elías.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: M.E.C. Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica. T.II, 1975, páxs. 99-100.

⁵⁵ Na fachada da igrexa conservase unha praca de mármore coa seguinte inscrición. “*Se restauró este templo, siendo cura párroco D. Alfonso Mato López el 18-12-1988*”.

⁵⁶ VALIÑAS SAMPEDRO, Elías.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Ob. cit., páxs. 99-100.

⁵⁷ ABEL EXPÓSITO, José Manuel.: “San Román de Conturiz y o Cotillon: dos ejemplos de templos cristianos primitivos en la diócesis de Lugo”, en [https:// vsip. Info san-roman-de-conturiz.pdf](https://vsip.info/san-roman-de-conturiz.pdf)..free.

⁵⁸ Diccionario Bíblico Cristiano.

Antano a festividade do San Román⁵⁹ conmemorábase o Xoves de Corpus e o 9 de Agosto. Na actualidade, celébrase o Domingo de Corpus e o segundo domingo de Agosto⁶⁰. Non obstante, o domingo de Corpus, adoitan acudir máis devotos que na festividade do mes de Agosto. Este soian vir dos concellos de Becerreá, de Castro de Rei, do Corgo, da Fonsagrada, de Friol, de Guntín, de Lugo, de Monterroso, de Neira de Jusá, das Nogais ... Hoxe, aínda que diminuí a afluencia de devotos, con todo seguen vindo da cidade de Lugo; dalgunhas parroquias do municipio lugués; e algúns procedentes dos concellos nomeados anteriormente.

Cando a comezos do último tercio do século XIX se constrúe unha nova igrexa na aldea de Castro, pouco despois realízase o cambio de emprazamento do Santuario do San Román, situado “no Agro do Santo”, á nova igrexa. Isto é debido a falta de espazo, que había na anterior ubicación, para acubillar a todos os devotos que acudían o día da festividade ao santo. A partir deste momento, é cando se produce *“o fenómeno de translación da imaxe do Santo”*, e dicir, segundo a xente do lugar “o Santo fuxía pola noite da igrexa nova para ir á vella, e así sucesivamente, como querendo sinalar, que estaba mellor no antigo emprazamento”. Non obstante, logo chegouse a saber que un veciño da parroquia recibía cartos do párroco para facer posible o cambio de lugar. *“Mais, o señor Andrés, veciño da parroquia, ben sabía que era artello humano e terreal, xa que recibía do párroco unha paga pareca aque, pola sonoite e vagariño, portase da igrexa nova á vella a imaxe do San Román”*⁶¹.

4. PETICIÓN E PROMESAS.

Os fieis e devotos acoden ao centro sacro con pedimentos de índole material como sandación de doenzas humanas⁶² e de animais; problemas da facenda familiar; e calquera perturbación que poida alterar o espírito da persoa⁶³. Algunhas peticións –as menos– teñen un carácter espiritual e devocional. Polo tanto, vaise a establecer unha relación entre o devoto e a entidade sagrada para resolver todo tipo de problemas. Esta consiste nun

⁵⁹ San Román está representado de soldado romano cun casco na cabeza e portanto unha lanza na súa man esquerda.

⁶⁰ No ano 2017, a festividade celebrouse o día 13 de Agosto. 2º domingo de mes.

⁶¹ GONZÁLEZ VIGO, Marcial.: *Ob. cit.*, páx. 433.

⁶² O párroco, Miguel Fernández Vilariño, e o sancristán, Manolo Piñeiro, contaronme varios casos de enfermos, que sandaron das súas doenzas e agora seguen vindo ao santuario o Domingo de Corpus.

⁶³ Díciase, que viñan algúns fieis encomendados por “doenzas de amor”.

contacto directo e sagrado de forza moral entre a persoa e Deus por medio dunha serie de mediadores como son as diferentes advocacións cristolóxicas, marianas e os Santos. Non obstante, a relación pode dispoñerse tamén dun xeito directo entre o devoto e a susodita entidade. Esta interacción, reflectida por parte dos devotos no cumprimento dunha serie de rituais e ofrendas, soe levarse a cabo logo de que a entidade sacra correspondente lles concedeu o pedimento; pola contra, outros realízana no intre de solicitalo, e finalmente hainos tamén que acoden todos os anos por “acción de grazas” a algunha petición concedida pola entidade sacra noutrora. **(FOTO 14).**

Na tradición, hai unha petición ao Santo, que quedou reflectida no seguinte poema de índole popular. “*San Román, San Román /meu señor santo pequeno./ Heiche levar unha libra / toda nun corpo de neno./ Heicha levar, San Román, / se me fas favor de aquilo./ Ben falou. Ben falou de se casar / mais, agora nin sabelo*”/⁶⁴

4.1. RITUAIS.

Antano, moitos devotos para entrar en contacto co sagrado usaban como medio de purificación o sufrimento físico, cosnsistente en facer o camino andando, descalzos e, tamén, de xeonllos o último tramo. Non obstante, no intre actual este ritual foi decaendo debido non só ao avance dos medios de locomoción, senón tamén a unha maior racionalización, que amosan os cregos, sobre certas prácticas rituais, De todos os xeitos, aínda hai devotos que veñen andando –dun xeito individual ou colectivo– dende diferentes lugares do municipio de Lugo e doutros limítrofes.

Os fieis e devotos cando acceden ao santuario cumpren cunha serie de rituais:

*** MISAS.**

Ao longo da mañá e primeiras horas da tarde, o párroco oficia varias misas. No ano 2017, oficiou misas ás seguintes horas: 10,30, 11,30, 12.15, e 13 horas. Esta última, considerada como a solemne, recibiu a asistencia de máis devotos, xa que ao rematar é cando sae a procesión. Hai anos, D. Alfonso Mato⁶⁵, párroco desta freguesía, oficiaba misas dende as oito da mañá ata primeiras horas da tarde⁶⁶.

⁶⁴ GONZÁLEZ VIGO, Marcial.: *Ob. cit.*, páx. 434.

⁶⁵ Crego xa finado.

⁶⁶ O intervalo, existente entre elas, era de 40 minutos aproximadamente.

*** RITUAL PROCESIONAL.**

Ao rematar a misa solemne saiu a procesión, que cirunvalou o templo parroquial. A súa disposición foi como segue. En primeiro lugar, un fregués da parroquia portou a cruz parroquial. Logo, catro devotas e freguesas da comunidade levaron nas andas as imaxes de Santa Rita e a Inmaculada. A continuación, a imaxe do San Román foi portada nas andas –na súa parte dianteira– por dúas devotas da freguesía e por dous fregueses na súa parte posterior. Finalmente, o párroco da freguesía, na que está situado o Santuario, que ía acompañado dalgúns devotos e fregueses, colocados sen distinción de idade e sexo. Antano, tamén sacaban en procesión as imaxes do Neno Xesús; do San Andrés; da Sta. Maria Nai de Deus; a de Sta. Teresa. **(FOTO Nº 15)**

*** RITUAL DE “POÑER O SANTO”.**

O fregués, *D. José Manuel Piñeiro*, é o encargado de que este ritual se levase a cabo nos últimos anos. Consiste no seguinte: o fregués citado pasa por diante e polas costas do devoto/a unha imaxe pequena do Santo e, logo, da a bicar a imaxe aos diferentes devotos e fregueses. Estes adoitan deixar unha esmola nunha bandexa ou boeta, que se encontra ao carón do poñente, mentres este recita a seguinte xaculatoria:

“Por intercesión de San Román / librete el Señor / de todo mal. Amén”/.

*** RITUAL DA “FONTE DO SANTO.”**

Hai anos os devotos e fregueses bebían e levaban auga da “Fonte do Santo”, que estaba situada nun terreo particular ao carón de igrexa. Na actualidade, esta fonte non existe.

*“Hoxe en día non existe, rehearon o prado e atoaron a fonte”*⁶⁷. A verdadeira “Fonte do Santo” está na Gotexa, na aldea do Agro do Santo.

Por outra banda, nesta relación de intercambio existente entre o San Lázaro e os devotos, é mester ademais cumprir cunha serie de ofrendas. Hoxe lévanse a cabo dun xeito relevantes dúas ofrendas: unha, consistente en entregar un estipendio metálico no intre de “Poñer o Santo”, ou senón introducilo nunha das boetas, que se encontran no interior do Santuario; a outra, consiste en ofrecer simbólicamente “corpos de cera”, que representan a figuras humanas, enteiras e parciais: mans, pernas, pés, cabezas, brazos; e, tamén, a figuras de animais: cochos, xatos, vacas. No ano 2017, o prezo simbólico dos corpos de

⁶⁷ GONZÁLEZ VIGO, Marcial.: *Ob. cit.*, páx. 433.

cera, foi de tres euros⁶⁸. No interior do santuario, hai unha vitrina de madeira no lateral dereito ateigada de “exvotos de cera”, que representan a diferentes corpos de animais e humanos; estes últimos, total e parcialmente. Algúns devotos tamén ofrecen “misas”, que o párroco oficiará no santuario ao longo do ano; o seu prezo e voluntario, segundo estime o que realiza a ofrenda. **(FOTO Nº 16)**.

Ao rematar os oficios relixiosos foi cando comezou a dimensión profana, reflectida dun xeito básico na sesión vermú, amenizada por unha orquestra que, logo, ía seguir deleitando na verbena aos que o tiveran a ben. Nestas datas é mester salientar “a comensalía familiar”, que renova e segue mantendo as relación entre amigos e familiares. Nos santuarios, que acabamos de analizar, ademais dos seus trazos comúns e peculiares vou describir algúns outros, que son xenéricos.

* Así, a unidade básica de relación entre a persoa e a imaxe sagrada para resolver unha serie de problemas é a promesa. Esta consiste nun compromiso, nunha relación de reciprocidade de forza moral entre dúas entidades: a superior, reflectida nos mediadores de Deus (advocacións marianas, cristolóxicas, santos), ou na propia entidade sacra en si mesma; e a terrena (o ser humano) por unha gracia que precisa dalgún tipo de sacrificio para ser acadada. Podemos sinalar tres modelos de interacción entre os devotos e a divindade. O primeiro, que é o máis habitual, é cando a promesa é condicional, é dicir, primeiramente o ente sacro (divindade) concede a petición ao devoto e, logo, éste realiza a promesa; trátase dun cumprimento “a posteriori”. A este tipo de promesa dáselle tamén os nomes de “*ofrenda condicionada*”⁶⁹ e “*petición condicional*”⁷⁰. O segundo, menos habitual, e cando algúns devotos veñen a pregar, suplicantes, a mediación da entidade sacra ante calquera problema, cumprindo cunha serie de rituais e ofrendas; polo tanto, neste caso os diferentes rituais e ofrendas son levados a cabo polos devotos antes de que lles sexa concedida a petición. Este tipo de promesa recibe tamén os nomes de “*ofrenda propiciatoria*”⁷¹ e “*devoción peticionaria*”⁷². Finalmente, tamén hai devotos, que acoden todos os anos ao santuario por algún pedimento concedido pola divindade noutroa; a este tipo de promesa dáselle o nome de “*ofrenda de acción de grazas*”⁷³.

⁶⁸ Informante: José Manuel Piñeiro. “Un matrimonio ofreceu por sete cochos e dous xatos, 27 euros”.

⁶⁹ GONDAR PORTASANY, Marcial.: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros. Nós Os Galegos*, Vigo, 1993, páx. 154.

⁷⁰ WILLIAM A, Christian Jr.: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*, Madrid: Tecnos, 1978, páx.134.

⁷¹ GONDAR PORTASANY, Marcial.: *Ob. cit.*, páx. 154.

⁷² WILLIAM A, Christian Jr.: *Ob. cit.*, páx.134.

⁷³ GONDAR PORTASANY, Marcial.: *Ob. cit.*, páx. 155.

* Os devotos acoden, consonte é habitual, ao recinto sagrado para pregarlle á entidade sacra a concesión dalgunha petición ou como agradecemento por un favor recibido. Ás veces, tamén veñen para acadar algunha intercesión para outras persoas, que non poden vir por algunha doenza ou por outras circunstancias. Este “rol” altruísta correspondía normalmente á muller, xa que tendía a manifestar actitudes e comportamentos máis orientados aos demais.

* Noutroira moitos devotos para entrar en contacto co sagrado usaban como medio de purificación o sufrimento físico, consistente en facer o camiño andando, descalzo e, tamén, de xeonllos o último tramo. Non obstante, este ritual foi decaendo debido non só ao avance dos medios de locomoción, senón tamén a unha maior racionalización da igrexa sobre certas prácticas rituais. De todos os xeitos, aínda que a maioría dos devotos realizan a viaxe en coches particulares, hai un bo número que veñen andando –dun xeito individual ou colectivo– dende diferentes lugares do municipio de Lugo, e mesmo da propia cidade.

* En case todos os santuarios adoita haber algún posto de venda de diferentes obxectos relixiosos, como rosarios, capeliñas, medallas, estampas, pulseiras devocionais, etc. Polo tanto, é moi habitual que haxa devotos, que leven como lembranza ou polo valor que posúe un obxecto relixioso. Non obstante, o valor do obxecto ven dado pola memoria que lembra e non pola súa materialidade. *“A súa relación simbólica cunha entidade sacra confírelle un carácter que vai máis alá dunha simple mercadoría”*⁷⁴.

C. ALGÚNS CENTROS DEVOCIONAIS E DE PETICIÓN.

En canto aos centros devocionais e de petición analizo dunha maneira concisa o culto que se realiza durante o ano a diferentes “entes sacros”, que están situados nalgúns altares e pequenas capeliñas da Catedral lucense, e doutras igrexas e capelas da parroquia de Lugo. Con todo, estas entidades sacras teñen o seu propio día de festividade ao longo do ano, que vai ser cando a afluencia de fieis sexa maior. Distingúense dos santuarios, xa que os devotos que acceden a estas entidades sacras son da propia cidade e, ademais, nestes centros de veneración non se realizan algúns rituais e ofrendas, propios dos santuarios.

⁷⁴ PINTO, José e VIEIRA, Sandra.: *A festa de San Bento do Cando. Memoria de uma devoção serrana em terras de Soajo e Gavieira*. Arcos de Valdevez (Portugal): Municipio de Arcos de Valdevez, 2017, páx. 201.

1. ALTARES E CAPELAS DA CATEDRAL.

* No transepto norte encontramos o retablo de San Antón de Padua e a súa imaxe, que foi construída polo escultor lucense *Manuel Luaces*. Adoita ter unha importante devoción, reflectida na esmola, que se recolle no trascurso do ano no seu esmoleiro. O 13 de xuño, día da festividade de San Antón de Padua, ofíciase unha misa no seu altar ás nove da mañá. Ás veces, soe haber algunha figura de cera nalgún lugar do altar, símbolo claro da ofrenda dun devoto por algunha doenza. **(FOTO Nº 17)**

* Nun dos accesos laterais ás cinco capelas absidais, está situado o “altar de Santa Lucía”. A súa imaxe foi realizada no ano 1803 polo escultor madrileño *Francisco Javier Meana*. Hai moita devoción a esta santa durante todo o ano. Denantes do “Covid”, o 13 de decembro, día da súa festividade, oficiábanse misas no seu altar as seguintes horas: 8:30, 10:15 (Altar maior), 11, 12, 13 e 19 horas. Durante o Covid oficiáronse dúas misas pola mañá, e outra ás 18 horas. Acoden devotos por problemas da vista, que oen unha das misas e rezan algunhas preces. Ademais, adoitan deixar as seguintes ofrendas: unha esmola en metálico, que depositan no altar ou nunha bandexa; algúns “velóns” ou cirios pequenos, que soen deixar acesos no altar; e, tamén, acender “veliñas” dun lampadario⁷⁵.

* No cruceiro norte e ao longo da nave está emprazada a “capela de San Froilán”. Construíuse entre os anos 1785 e 1796⁷⁶. A moso un retablo de pedra, realizado polo escultor lucense *Manuel Luaces*, que mostra unha imaxe de San Froilán sobre a que hai disparidade de criterios en canto a súa construción, xa que mentres que uns dicen que a realizou *Francisco Moure*; pola contra, outros manteñen a postura de que foron os que construíron e policromaron o retablo. A ambos dous lados da imaxe hai dous medallóns con esceas da vida do santo. A súa festividade relixiosa se celebra o 5 de Outono, día no que se ofician misas, dedicadas ao santo, ás 9 (Capela dos Ollos Grandes), e as 10,12 e 13 horas no Altar Maior. Logo, impónse o “Relicario de San Froilán” aos fieis que o consideren axeitado. Durante o resto do ano a devoción a San Froilán na devandita capela é escasa. *“Son pocos los lucenses que se acercan a su capilla a rezarle...”*⁷⁷. Non obstante, este criterio cambia na igrexa de San Froilán, dedicada exclusivamente ao santo. *“Allí, a devoción do barrio pola figura do santo manifestase día a día; é unha*

⁷⁵ FRANCISCA JIMENEZ, Ramiro.: Encargada da Catedral de Lugo.

⁷⁶ DE ABEL VILELA, Adolfo.: *Lugo. Guía. Catedral*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Turismo.S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, 2009, páx. 89.

⁷⁷ GUERRA MOSQUERA, Jesús.: *San Froilán. Patrono de Lugo*, Lugo: Graf. Bao, 1999, páxs. 41-42.

*veneración máis popular que a que pode darse na catedral”*⁷⁸. Esta veneración está reflectida en que boa parte dos fieis, que acoden a este recinto sacro, teñen unha estampa do San Froilán da parroquia, coa súa oración no reverso. Ademais, todos os días denantes de comezar a misa das 19:30 horas, adoita rezarse unha oración ao santo. **(FOTO 18)**. Tanto a capela como os altares, que acabamos de analizar, están cuidados con esmero por mulleres, que reciben o nome de “*camareiras*”.⁷⁹

2. CAPELA DA SOIDADE.

COORDENADAS U.T.M.

X: 617.488 Y: 4.763.076

O 17 de Xaneiro celébrase nesta capela, situada na Praza da Soidade, a festividade do San Antón Abade, máis coñecido como “San Antón lacoeiro”. Dende hai varios anos a Sociedade Protectora de Animais e Plantas⁸⁰ organiza a bendición de animais e a subasta de produtos do campo. Non obstante, denantes da bendición un monxe franciscano⁸¹ oficia unha misa ao anoitecer na Capela da Soidade, á que asisten bastantes devotos con animais de compañía: cans, gatos, páxaros..., que van a ser bendecidos individualmente polo monxe franciscano ao rematar a función relixiosa. Logo, o viceministro da Orde Seglar –*Ubaldo Urbano*⁸²– “poñía o santo” aos devotos, que o pedían. Este ritual consistía en pasar unha imaxe pequena do santo por riba da cabeza dos fieis. Estes deixaban unha esmola nunha bandexa, mentres “o poñente” recitaba a seguinte xaculatoria: ***“Por intercesión de San Antonio Abad, / el Señor te bendiga. / En el nombre del Padre / del Hijo / y del Espíritu Santo. Amén”***/. A continuación, se celebraba preto da capela unha subasta de diferentes produtos agrícolas⁸³, doados por diferentes establecementos lucenses. Algúns anos a subasta levouse a cabo no palco da Praza de España⁸⁴.

⁷⁸ RODRÍGUEZ, Vitoria.: “Santos milagreiros, paixón e devoción”, no *Diario “O Progreso”*, 16-Agosto-2021.

⁷⁹ FRANCISCA JIMENEZ, Ramiro.: Encargada da Catedral de Lugo.

⁸⁰ Presidida por Javier García Calleja.

⁸¹ Nestes últimos anos, o monxe é o Pai Amado.

⁸² Finou hai uns meses.

⁸³ Así, abundaban os chourizos, lacóns, queixos, cachuchas, viños, augardentes, mel, etc.

⁸⁴ Traballo de campo do autor. José Manuel Blanco Prado.

3. IGREXA DE SANTIAGO DAS SAAMASAS. (FOTO 19).

COORDENADAS U.T.M.

X: 615.912 Y: 4.762.695.

Fóra de murallas venerase a imaxe de San Nicolás nas igrexas da Milagrosa e de Santiago das Saaamasas, mais tamén hai culto a este santo na igrexa dos Franciscanos, que queda dentro do recinto amurallado. O culto consiste en visitar durante “*tres luns consecutivos*” unha destas igrexas, levando a cabo algún ritual e ofrenda. Non obstante, a maioría dos devotos deste santo, prefiren “*ir andando os tres luns*”⁸⁵ ata a igrexa de Santiago das Saamasas⁸⁶, distante uns dous kilómetros e medio do centro da cidade⁸⁷. Desta maneira ao rezo das oracións e cumprimento de ofrendas, súmase o esforzo de acceder a este espazo sacro. “*A camiñata ata as aforas da cidade supón maior esforzo e suma simbolismo ao xesto*”⁸⁸. Hai a tradición de que non pode haber ningún tipo de alteración con respecto ao cumprimento do ritual durante os tres luns dun xeito consecutivo, xa que senón o devoto tería que comezar de novo co ritual. Os fieis encomendanse ao santo situado na parede lateral esquerda da igrexa⁸⁹ por diferentes pedimentos: doenzas humanas; problemas da facenda familiar; paro; e outros problemas, que poidan perturbar o espírito da persoa⁹⁰. Segundo a tradición os devotos ao santo poden realizarlle tres peticións, das que a entidade sacra so lles vai conceder unha. Pois ben, isto implica que, a través da relación de reciprocidade xurdida entre o santo e o devoto, este cumpra cunha serie de rituais: rezar unha serie de oracións; oír a misa, que se celebra as 18 horas; volver a realizar as caminatas etc. Ademais, tamén realizan unha serie de ofrendas: deixan unha esmola ao santo; acenden algúns velóns; antano, soía haber na fornela –na que estaba situado o santo– algúns corpos de cera, que representaban ao corpo humano, total ou parcialmente. Na actualidade, todos os luns do ano acoden á igrexa das Saamasas entre

⁸⁵ Popularmente, o “ ritual de ir andando ata a igrexa de Santiago das Saamasas, coñecese “como as camiñatas ao San Nicolás”.

⁸⁶ “Para D. Luís Troncoso, que había sido durante muchos años coadjutor de San Pedro, y encargado de este recinto sacro, estos lunes consisten en tres visitas al Santo, en memoria de la acción de este sobre aquel hidalgo de Potara que, siendo muy pobre, y no pudiendo casar a sus hijas por falta de dote, incitado por el demonio, pensó en la corrupción de las doncellas para lograr así el dinero que necesitaba. San Nicolás, anónimamente, fue remediando semana tras semana la angustiosa situación económica del hidalgo, arrojando sucesivamente por una ventana de su casa tres bolsas de oro, con las que cada hija pudo tener la dote. De esta manera salvó su alma y su cuerpo” (RIVERA MANSO, F.: *Diario informativo “El Progreso” de Lugo*, 20-VI-1954.

⁸⁷ Hai devotos, que acoden todos os luns do ano.

⁸⁸ RODRÍGUEZ, Vitoria.: “Santos milagreiros, paixón e devoción”, no *Diario “O Progreso”*, 16-Agosto-2021.

⁸⁹ Hai anos o santo estaba situado no interior dunha fornela, que estaba mesa mesma parede.

⁹⁰ BLANCO PRADO, J.M.: “San Nicolás das Saamasas”, en *Lucus* nº 39. Boletín Informativo da Deputación Provincial, 1989, páxs. 46-49.

150 e 200 devotos. Durante o “Covid” houbo devotos, que pola restricción do aforamento no interior da igrexa, non puideron oír a misa das 18 horas ⁹¹. **(FOTO 20)**.

4. CAPELA DE SAN ROQUE.

COORDENADAS U.T.M.

X: 618.035 Y: 4.762.866

Este recinto sacro está situado na rúa do mesmo nome, que era o antigo camiño real de Castela. Alí, os novos bispos denantes de ocupar a diocese adoitaban facer xuramento ⁹². San Roque, imaxe de devoción desta capela, sempre foi coñecido por ser o “protector dos doentes”. Isto dá lugar a que un bo número de lucenses veñan á capela para pregar ao santo pola súa recuperación. De aí, que oigan unha das misas, que se ofician na capela, e deixen unha esmola en metálico. Así mesmo, os devotos adoitan ter acceso as estampas e medallas, que hai no interior do espazo sagrado, para que estas lles protexan. Antano, os fieis ademais de oír unha das misas, que se celebraban na capela, “poñían o santo” e, ademais, participaban na procesión. No ano 2021, a ocupación da capela con motivo do “Covid” foi menor que en anos anteriores debido a que o aforo estivo restrinxido a 50 ou 60 persoas para asegurar a distancia de seguridade entre os fieis⁹³. Por outra banda, todos os anos, o día da festividade do santo, a corporación municipal adoita renovar o Voto a San Roque⁹⁴. No ano 2021, a corporación municipal, presidida polo portavoz de goberno *D. Miguel Fernández*, saíu en formación dende a Casa Consistorial e, logo, de percorrer as rúas de San Pedro e San Roque, accedeu á capela de San Roque onde se celebrou unha misa na honra do santo ⁹⁵.

5. IGREXA DE SAN FRANCISCO JAVIER.

COORDENADAS U.T.M.

X: 617.488 Y: 4.763.076

⁹¹ RODRÍGUEZ, Vitoria.: *Artigo citado*.

⁹² DE ABEL VILELA, Adolfo.: Lugo Guía.. Lugo: Xunta de Galicia. Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Turismo.S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, 2009, pág. 90.

⁹³ RODRÍGUEZ, Vitoria.: *Artigo citado*.

⁹⁴ Segundo Adolfo de Abel Vilela o voto a San Roque, xa se celebraba no século XVII. Daquela, realizábase ao San Sebastián, o día da súa festividade. Logo, o voto pasou a San Roque, conmemorándose o 17 de Agosto a partir do ano 1766.

⁹⁵ Na comitiva participaban ademais concelleiros políticos do P.P., P.S.O.E., e CIUDADANOS, que ían precedidos pola garda de gala.

O sábado 12 de Marzo do ano 2022 celebrouse un oficio relixioso presidido polo bispo da diocese *D. Alfonso Carrasco Rouco*. A continuación, saíu de novo pola noite a procesión de candeas acesas, que percorreu algúns lugares do barrio. Trátase dun ritual popular, que leva realizándose dende hai 60 anos e, únicamente o Covid impediu, que se poidera levar a cabo neste dous últimos anos.

D. AS FESTAS PARROQUIAIS DO MUNICIPIO.

No ámbito das festas de índole parroquial cobran especial relevancia as festas do santo patrón/a, aínda que estas ás veces cohabitan con outras propias de entidades de poboación inferior á parroquia, caso das aldeas; ou mesmo, ser festas asociadas a santuarios, que para os lugareños teñen un especial acento local. A planificación da festa, tanto relixiosa como profana, corría a cargo dun grupo de persoas, que recibían o nome de “ramistas”, e hoxe “comisión de festas”. Adoitan formar parte da comisión aquelas persoas, que lles toca en función dun turno, instaurado na parroquia; por vontade propia; e, tamén, por outras cuestións. Estes comezaban a levar a cabo unha serie de tarefas: recoller con tempo suficiente o diñeiro⁹⁶ pola comunidade; a facer rifas para algúns sorteos; a vender lotería do Nadal ou de Reis con recargo; e outro tipo de actividades coa finalidade de poder afrontar os diferentes gastos ocasionados polas orquestras, grupos e demais charangas, quer se contratan. Os actos, tanto da festa relixiosa como profana, son anunciados por medio de carteis, que soen distribuírse polas parroquias e municipios máis próximos.

A nivel relixioso, a festa caracterízase pola “misa solemne”, tamén nomeada “misa maior”. Esta era concelebrada polo párroco e polos cregos pertencentes a parroquias limítrofes⁹⁷. Denantes, no intre da Eucaristía membros da orquestra interpretaban o “himno nacional”; ás veces, o do Antigo Reino de Galiza. Non obstante, segue pervivindo o costume de tirar foguetes no momento da Eucaristía. Ao rematar a misa solemne sae o cortexo procesional, que acostuma a percorrer o perímetro do templo parroquial; e, tamén, a circunvalar o cruceiro cercano, que –no caso de que exista– adoita estar situado preto da igrexa parroquial. Con respecto á disposición dos seus elementos, soe amosar a

⁹⁶ O diñeiro, que entregaba o vecindario, era voluntario. Ás veces, establecíanse cotas na comunidade parroquial en función do nivel económico de cada membro.

⁹⁷ Normalmente, os cregos de entidades de poboación limítrofes recibían o nome “*cregos da taboa*”, xa que entre eles axudábanse dun xeito recíproco en eventos de carácter relixioso, como enterros, cabodanos, festas etc.

seguinte orde. En primeiro lugar, a cruz e outros pendóns parroquiais, levados por fregueses da comunidade. Logo, as imaxes das diferentes entidades sacras⁹⁸, que preceden á “imaxe festiva” que vai ao remate. Normalmente, as imaxes, que representan a entidades de carácter masculino, son portadas nas andas por homes da parroquia; e as femininas por mulleres. A continuación, seguen os cregos concelebrantes; algúns membros da orquestra, e un bo número de devotos dispostos sen distinción de idade e sexo. Mentres se está levando a cabo este ritual, un fregués da comunidade adoita redobrar as campás da igrexa e outro tirar foguetes.

Logo das celebracións relixiosas comezan as actividades profanas. Antano, estas tiñan lugar no “adro”, é dicir no mesmo espazo, que se utiliza para sacar a procesión. Non obstante, estas co paso dos anos foronse trasladando a un lugar non moi lonxano á igrexa parroquial. Neste novo espazo íanse situar os postos das rosquilleiras, doces e outras lambetadas; tamén, algunhas tabernas ambulantes; algúns postos de polbo; e outros carruseis destinados aos cativos. Con todo, o que máis atrae son as diferentes orquestras e grupos, que amenizan a “sesión vermú” a primeira hora da tarde e, logo, continúan ao anoitecer coa verbena. Hai anos, as festas das parroquias servían para que os mozos de diferentes comunidades puidesen coñecerse e de aí asentar as bases dunha futura relación. Deste xeito, ás festas contribuían en gran medida a reducir a endogamia parroquial existente. Non obstante, hoxe o nivel de participación da mocidade nos bailes das diferentes festas parroquiais cambiou ostensiblemente. Así, na actualidade o núcleo central do baile está constituído polas persoas maduras e casadas da comunidade. Pola contra, a mocidade busca novas opción de diversión nas cidades e vilas máis próximas. Alí encontra discotecas e pubs, que van a ser os novos espazos para establecer interacción con outras persoas.

Neste municipio hai **34** festividades de índole parroquial dedicadas a santos ⁹⁹; **18** conmemoracións festivas, que teñen como referencia a diferentes advocacións marianas ¹⁰⁰; e **2**, que son cristolóxicas ¹⁰¹. Polo tanto, cómpre indicar que neste ámbito municipal

⁹⁸ Estas imaxes poden representar a advocacións cristolóxicas, marianas e, mesmo, santos.

⁹⁹ Distinguimos os seguintes santos. San Bieito, San Martiño (2), San Xián, San Antón, San Xosé, San Lourenzo, San Ramón (2), María Madanela (2), San Miguel, Santiago Apóstolo (3), San Remixio, San Estevo, San Pedro (4), San Brais, San Roque (3), San Xoán (3), San Lázaro, San Vicente (2), San Román, Santa Eulalia (3) e Santa Marta.

O dixito, que poño logo do santo, indica o número de festividades adicadas a esa entidade sacra.

¹⁰⁰ Facemos mención a advocación mariana de Santa María ou Nosa Señora (7), a do Carmen (5), a da Saúde, a das Dores, a do Rosario (2), a das Virtudes, e a dos Remedios.

¹⁰¹ Cristo Salvador.

o proceso de cristianización levouse a cabo moito antes que noutras comunidades debido ao auxo de conmemoracións festivas, presididas por santos. Estes constituían a referencia esencial dunhas parroquias, que empezaron a deseñarse na Alta Idade Media. Logo, a partir do século XIII foise incorporando o culto a María, que nas súas diferentes advocacións terminou ocupando a rectoría dun bo número delas. **(FOTO 21).**

En canto ao momento de celebración das diferentes festividades, 41 conmemóranse entre os meses de maio e setembro; 3 entre os meses de outono e decembro; e 7 entre Xaneiro e Abril. A concentración festiva entre os meses de maio e setembro debeuse a dous motivos relacionados entre si. Así, a climatoloxía adversa do inverno posibilitou que algunhas festas –agás as do San Vicente (xaneiro) e San Brais (febreiro)– fosen trasladadas ao verao co que se engadían as posibilidades dun bo tempo. Ademais, nesta estación era cando viñan de vacacións aquelas persoas orixinarias da parroquia, que estaban traballando en cidades galegas, españolas ou do estranxeiro. Deste xeito, participaban no evento festivo e contribuían a que seguise tendo o realce de hai anos.

A entidade sacra da parroquia preside formas sociais moi particulares, modos locais de convivencia e reciprocidade, experiencias cotiás de traballo e lecer, vivencias acumuladas de crise e sufrimento¹⁰². A festa ademais de servir de elemento de cohesión da comunidade, tamén serve como elemento de comunicación do grupo comunitario. Isto segue apreciándose no comensalismo existente nas casas da parroquia, que serve para renovar as relación de parentesco e amizade. Finalmente, a festa segue constituíndo unha forma de liberación da sensibilidade, xa que é o momento no que se consinte a ruptura das normas e regras, que presionan e reprimen a conducta dos membros dunha comunidade.

Con respecto ao santo patrón da cidade de Lugo, San Froilán, cómpre facer mención a que tanto a fundación da súa confraría no ano 1610, como a recepción dunha reliquia súa por parte do mosteiro de Moreruela (Zamora) no ano 1614 ¹⁰³ foron feitos claves para a celebración das primeiras festas deste ente sacro. Estas nos seus inicios tiveron un claro fundamento relixioso, xa que soía celebrarse unha misa solemne no altar maior e logo, a partir do ano 1614, saía unha procesión polo claustro da catedral, na que ía a reliquia do

¹⁰² LISÓN TOLOSANA, Carmelo.: *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega*, Madrid: Akal, 1981, páx.60.

¹⁰³ RODRÍGUEZ VIEITO, Rosina.: *Ferías y Fiestas de San Froilán*, Lugo: Diputación Provincial de Lugo, 2002, páx.

santo. Non obstante, a nivel profano soían representarse comedias na catedral e, tamén, botábanse foguetes. Dende mediados do século XVIII temos constancia fidedigna da existencia dunha feira a primeiros de outono, que se asocia aos actos profanos da festa, como queda reflectido nos anuncios da mesma: “*Festejos de las ferias y fiestas en honor a San Froilán*”¹⁰⁴. Pois ben, ata a década dos sesenta do século pasado, e con pequenas alteracións motivadas a problemas de locomoción, hai unha relevante feira de gando cabalar, mular e vacún; tamén, hai que sinalar unha importante actividade comercial na venda de produtos alimenticios e artesanais. A partir de comezos dos sesenta do século pasado estas feiras foron substituídas pola “Feira-Exposición” de maquinaria agrícola, aínda que seguiu habendo un bo número de postos de índole artesanal e alimenticio. Nesta festa, que ven durando de oito a dez días, caracterízase esencialmente por algúns deles. Así, o día 5 de Outono, que é o día propio de San Froilán; e, tamén, xa que era o día no que tiña lugar a feira do gando. O domingo seguinte ao día de San Froilán, popularmente nomeado “domingo das mozas”. Finalmente, o día 12, día do Pilar, que é o día no que rematan as festas, e no que se celebra dende hai uns anos a feira medieval, sita nas rúas preto da catedral. Antano, o feiral de carruseis, casetas de tiro, tómbolas, e outros postos de diferente índole, estivo situado na praza de Santo Domingo; logo, pasou ao antigo “Campo da Feira” (actual Estación de Autobuses); e hoxe sitúase nas rúas, que están ao carón do “Parque de Rosalía de Castro”. Alí, tamén se emprazan as “casetas de polbo”, que co paso do anos foron moi remodeladas. O polbo é un produto que segue tendo moita aceptación non só entre os lucenses senón tamén na xente de fóra, que vén nestas datas a probalo e compartilo. De aí que sexa un relevante signo da identidade luguesa¹⁰⁵.

¹⁰⁴ RODRÍGUEZ VIEITO, Rosina.: Ob. cit., páx. 387.

¹⁰⁵ Como este aspecto xa está tratado en profundidade por diferentes pensadores lugueses e galegos e ademais, como no artigo non hai espazo suficiente para tratalo con máis detalle, me limito a suxerir unha breve bibliografía sobre este tema:

*ARRIBAS ARIAS, Fernando e PENA MOREDA, Teresa.: ***A publicidade das festas de San Froilán de Lugo: carteis e programas, 1877-2011***, Lugo.: Concello de Lugo. Concellería de Cultura. Colección o San Froilán dos Devanceiros, 2011.

*ARRIBAS ARIAS, Fernando e PENA MOREDA, Teresa.: ***O polbo no San Froilán de Lugo***. Lugo: Concello de Lugo. Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua. Colección o San Froilán dos Devanceiros.. 2017.

*BALIÑAS PÉREZ, Carlos.: “La tierra y el tiempo de San Froilán de Lugo”, ***en San Froilán. Culto y fiesta***. (Coord.) SINGUL LORENZO, Francisco. Xunta de Galicia. Consellería de Innovación e Industria, 2006.

*CABANA OUTEIRO, Alexandra; Rodríguez Suárez, M^a del Pilar; e Vázquez Bertomeu, Mercedes.: ***250 anos das feiras do San Froilán. Ter e celebrar unha feira por oito días***. Lugo: Colección o San Froilán dos Devanceiros .Concello de Lugo, 2004.

*CABANA YANES, Darío Xohán.: “Cinco visiones literarias de Froilán y el lobo”, ***en San Froilán. Culto y fiesta***. (Coord.) SINGUL LORENZO, Francisco. Xunta de Galicia. Consellería de Innovación e Industria, 2006.

Por outra banda, no interior da cidade luguesa, encontramos “*festas de barrios*”. Estes adoitan ter un santo patrón/a, ao que se rende culto ás máis das veces nunha igrexa parroquial. Estas festas soen amosar trazos moi semellantes aos das parroquias rurais. Así, a nivel relixioso adoita celebrarse unha misa solemne a primeira hora da tarde, concelebrada case sempre por varios cregos da cidade e presidida algunhas veces polo bispo da diocese. Logo, sae un cortexo procesional, que percorre varias rúas do barrio e no que ocupa un lugar relevante a imaxe conmemorativa. A nivel profano adoita haber, como nas festas do medio rural, vendedores ambulantes; postos de bebida; de lambetadas; e carruseis para os cativos; ademais, hai baile amenizado ao anoitecer por relevantes orquestras do panorama galaico.

*CALVO, José Luís e RODRÍGUEZ YÁÑEZ, Yago.: A festa máis fermosa do outono galaico (Os escritores falan do San Froilán), Lugo.: Concello de Lugo. Concellería de Cultura. Colección o San Froilán dos Devanceiros, 2009.

*CALVO, José Luís.: *Barriga Verde, Manuel María e o San Froilán*, Lugo: Concello de Lugo. Concellería de Cultura. Colección o San Froilán dos Devanceiros, 2012.

*CARREIRO, Pepe.: *Pequena historia da feira de San Froilán*, Lugo: Concello de Lugo. Concellería de Cultura. Colección o San Froilán dos Devanceiros, 2012.

*DE ABEL VILELA, Adolfo.: “ La cofradía de San Froilán de Lugo”, *en San Froilán. Culto y fiesta*. (Coord.) SINGUL LORENZO, Francisco. Xunta de Galicia. Consellería de Innovación e Industria, 2006.

*DE ABEL VILELA, Adolfo.: “ La fiesta barroca en Lugo”, *en San Froilán. Culto y fiesta*. (Coord.) SINGUL LORENZO, Francisco. Xunta de Galicia. Consellería de Innovación e Industria, 2006.

*DE ABEL VILELA, Adolfo.: *A orixe das feiras, das exposición e dos concursos*, Lugo: Concello de Lugo. Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua. Colección o San Froilán dos Devanceiros, 2014.

*CABANA YANES, Darío Xohán.: *A chegada á Lugo do primeiro tren (San Froilán, 1875)*. Lugo: Concello de Lugo. Concellería de Cultura, Colección o San Froilán dos Devanceiros, 2005.

*DE ABEL VILELA, Adolfo.: *A orixe das festas modernas e contemporáneas*, Lugo.: Concello de Lugo. Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua. Colección o San Froilán dos Devanceiros, 2015.

*DE ABEL VILELA, Adolfo.: *As festas finiseculares 1890-1900*. Lugo: Concello de Lugo. Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua. Colección o San Froilán dos Devanceiros, 2018.

*DE ABEL VILELA, Adolfo.: *A Exposición Rexional de 1896*. Lugo.: Concello de Lugo. Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua. Colección o San Froilán dos Devanceiros, 2020.

*GUERRA MOSQUERA, Jesús.: San Froilán. Patrono de Lugo. Lugo: Graf. Bao, 1999.

*MARTÍN, Therese.: “La encrucijada urbana de un santo: Froilán, entre la catedral de Santa María y el monasterio real de San Isidoro de León”, *en San Froilán. Culto y fiesta*. (Coord.) SINGUL LORENZO, Francisco. Xunta de Galicia. Consellería de Innovación e Industria, 2006.

*NOVO, Isidro e REIGOSA, Antonio.: *Memorias do San Froilán*. Lugo: Colección o San Froilán dos Devanceiros. Concello de Lugo. Concellería de Cultura, 2016.

*PÉREZ, Loís e REIGOSA, Antonio.: *Letra das Festas, 2011-2020. A revista oral do San Froilán*, Lugo.: Concello de Lugo. Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, Colección o San Froilán dos Devanceiros, 2021.

*RODRÍGUEZ VIEITO, Rosina.: *Ferías y Fiestas de San Froilán*. Lugo. Diputación Provincial, 2002.

*RODRÍGUEZ VEITO, Rosina.: “Las ferias y fiestas de San Froilán”, *en San Froilán. Culto y fiesta*. (Coord.) SINGUL LORENZO, Francisco. Xunta de Galicia. Consellería de Innovación e Industria, 2006.

GUERRA MOSQUERA, Jesús.: San Froilán. Patrono de Lugo. Lugo: Graf. Bao, 1999.

FESTAS PARROQUIAIS		
PARROQUIAS	DEVOCIÓN	DÍAS DE FESTA
ADAI, STA. MAR ^a MADANELA	O CARMEN ¹⁰⁶	24. AGOSTO
	A V. DA SAÚDE	SETEMBRO ¹⁰⁷
ALTA, STA. MARÍA	NOSA SEÑORA	8. SETEMBRO
ALTO, SAN XOÁN	AS DORES	2017. 16-17. SETEMBRO ¹⁰⁸
BACURÍN, SAN MIGUEL DE	SAN MIGUEL	28-29. SETEMBRO
BASCUAS, STA. MARIA DE	O SANTIAGO	25 XULLO
GONDAR, STA. MARÍA DE	SAN FROILÁN	5 OUTONO ¹⁰⁹
BAZAR, SAN REMIXIO DE	SAN REMIXIO	1. OUTONO ¹¹⁰
BENADE, STO. ESTEVO DE	SAN ESTEVO	21-23. OUTONO ¹¹¹
BOCAMAOS, SAN XILLAO	SAN XILLAO O CARMEN ¹¹²	7. XANEIRO. ULTº DMGO.AGTO.
BÓVEDA DE MERA, SANTALL ^a	SANTO CRISTO	SETEMBRO ¹¹³
BÓVEDA, STA. MARÍA	STA. MARÍA	15 – 17. AGOSTO ¹¹⁴
BURGO, SAN VICENTE DE	O CARMEN ¹¹⁵	ULTº DMGº AGOSTº
CALDE, SAN PEDRO DE	SAN PEDRO	29. XUÑO ¹¹⁶
CAMOIRA, SANTO ESTEVO DE	SAN BRAIS O ROSARIO	3-4. FEBREIRO SETEMBRO ¹¹⁷
CAMPO, SAN XOÁN DO	O SAN ROQUE ¹¹⁸ SAN XOÁN	16-20. AGOSTO ¹¹⁹ 24 DE XUÑO ¹²⁰
CARBALLIDO, S. MARTIÑO ¹²¹	SAN LÁZARO	DMGº-.PASCOA ¹²²
CASTRO, SAN ANDRÉS DE	SAN ROMÁN ¹²³	CORPUS E AGOSTO
COEO, SAN VICENTE DE	SAN VICENTE	22 XANEIRO

¹⁰⁶ Hai anos celebrábase a festividade da Virxe do Carmen.

¹⁰⁷ Como xa dixemos, o penúltimo domingo de Setembro celébrase a festividade da Virxe da Saúde. Ver Santuarios.

¹⁰⁸ Festa relixiosa e profana.

¹⁰⁹ Ámbas as dúas freguesías celebran conxuntamente estas festividadeas.

¹¹⁰ Festa relixiosa e ás veces profana.

¹¹¹ Festa relixiosa e ás veces profana.

¹¹² No San Xillao, festa relixiosa. No Carmen, festa relixiosa e profana. Informante.D. Manuel José Castro Gay, coengo da Catedral de Lugo.

¹¹³ O primeiro domingo de Setembro. Festa relixiosa e profana.

¹¹⁴ Festa relixiosa e profana.

¹¹⁵ GONZÁLEZ VIGO, Marcial.: *Ob. cit.*, páx. 397.

¹¹⁶ Hoxe o sábado e domingo máis próximos.

¹¹⁷ Preferentemente celebracións relixiosas. Último domingo de Setembro.

¹¹⁸ GONZÁLEZ VIGO, Marcial.: *Ob. cit.*, , páx. 415.

¹¹⁹ Entre o 16 e o 20 de Agosto – coincidindo sábado e domingo- celébrase esta romaxe á que veñen devotos das freguesías limítrofes e da cidade de Lugo. Diversas ofrendas. Misa maior,e imposición do Santo. Hai anos o baile realizábase nunha propiedade da familia dos Bastias.

¹²⁰ Hoxe, o sábado e o domingo máis próximos ao 24 de Xuño., Festa relixiosa e profana.

¹²¹ Noutroora, a “*Capela adicada á Santa Leocadia*”, da “Casa Vila”, era receptora de moitos devotos.

¹²² O domingo e o luns de Pascoa celébrase esta festividade relixiosa e, tamén, cunha dimensión profana.

¹²³ En San Andrés de Castro conmemórase a festividade do San Román en dúas datas: o domingo de Corpus e o domingo máis próximo ao 9 de Agosto.

COESES, STA. MR ^a MADANELA	A MADANELA AS VIRTUDES ¹²⁴	2019- 19-21. XULLO ¹²⁵
CUIÑA, SANTALLA DE	STA. EULALIA	FESTA EN DECEMBRO
DOS ANXOS, SAN MAMEDE	O ROSARIO	SETEMBRO ¹²⁶
ESPERANTE, SANTALLA DE	NOSA SEÑORA	8. SETEMBRO ¹²⁷
FIXÓS, STA. MARTA DE	STA. MARTA ¹²⁸	DMGO ^o DE ANTROIDO
GONDAR, STA. MARÍA DE	STA. MARÍA	15. AGOSTO ¹²⁹
LABIO, SAN PEDRO DE	STA. MARÍA ¹³⁰	2018. 5-6. MAIO
LAMAS, SANTALLA	STA. EULALIA SAN ROQUE	DECEMBRO ¹³¹ 16. AGOSTO ¹³²
MAZOI, SANTALLA DE	SANT ^a EULALIA	2019. 31 a 2. XUÑO
MEILÁN, SANTIAGO DE	SANTG ^o APOST ^o STA. ANA	25 . XULLO ¹³³ . 26. XULLO
MERA, SAN PEDRO DE	SAN BENITO	2019. 3-5 MAIO ¹³⁴
MONTE DE MEDA, MADANEL ^a	MR ^a MADANL ^a	2018.20-22.XULLO.
MUXA, SAN PEDRO FIZ DE	SAN PEDRO FIZ	1 ^o DMNG ^o AGSTO.
OMBREIRO, SAN MARTIÑO	NOSA SEÑORA SAN ROQUE	15 E 16. AGOSTO ¹³⁵ .
ORBAZAI, SAN MIGUEL DE	OS REMEDIOS	
OUTEIRO, S. SALVADOR DE	SAN SALVADOR	AGOSTO ¹³⁶
PEDREDA, SAN VICENTE DE	SAN VICENTE	2018.19-21. XANEIRO.
PENA, SAN XOÁN	SAN XOÁN E O CARMEN	2019. 7 e 13. XULLO
PÍAS, SAN VICENTE DE	O CARMEN	16. XULLO ¹³⁷
PIÑEIRO, SAN MARTIÑO DE	O CARMEN	2018. 25-27.MAIO
POUTOMILLOS, SAN MARTIÑO ¹³⁸	SAN MARTIÑO	11. NOVIEMBRE

¹²⁴ Na *Capela das Virtudes*, houbo unha importante romaxe con moitas ofrendas. “*Fonte das Virtudes*”, de loubanza milagreira. Hai uns anos a *Asociación Cultural do Castro de Coeses*, organizou o 8 de Setembro unha misa ao mediodía e, logo, un xantar de campo ao carón da capela.

No lugar de Ventosiños de Abaixo, había unha importante romaxe na “*Capela de San Bartomeu*”, da que se encargaban os veciños de Vilalbite.

¹²⁵ Festa relixiosa e profana.

¹²⁶ O primeiro domingo de Setembro. Festa relixiosa e profana.

¹²⁷ Festa relixiosa e profana.

¹²⁸ Hai anos, romaría moi nomeada con moitos devotos e ofrendas.

¹²⁹ Festa relixiosa e profana.

¹³⁰ Na aldea de Vilacha está a “*Capela das Dores*”, de moitos devotos.

¹³¹ Non hai festa da patroa. Noutro no “Campo do Penedo” había unha gran romaría.

¹³² Celébrase algún que outro ano.

¹³³ No Santiago, festa relixiosa e profana. En Sta. Ana, festa relixiosa; ás veces, tamén profana como prolongación da de Santiago Apóstolo. O domingo seguinte ao día 8 de Setembro, festividade do Rosario; festa relixiosa e profana. Informante: D. Manuel José Castro Gay, coengo da Catedral de Lugo.

¹³⁴ Festa relixiosa e profana. .

¹³⁵ Festa relixiosa e profana.

¹³⁶ Día variable.

¹³⁷ O sábado e domingo máis próximos ao 16 de Xullo. Festa relixiosa e profana.

¹³⁸ Hai restos dunha *capela á San Antón* nunha propiedade da “Casa de San Antonio”. Antano había unha romaxe importante con ofrendas ao Santo. Na tradición conservase a seguinte cantiga: “*San Antonio do Vilar / dame todo o que che pido / levareiche dúas cestas a fartar / de graqu de millo*”/

PRÓGALO, SANTIAGO DE	O SANTIAGO	25. XULLO ¹³⁹
RECIMIL, SAN LOURENZO DE	SAN LOURENZO	10. AGOSTO ¹⁴⁰
RIBAS DO MIÑO, SAN MAMEDE	SAN MARTIÑO	2019. 24-26. MAIO ¹⁴¹
ROMEÁN, SAN PEDRO DE	SAN PEDRO	29 DE XUÑO ¹⁴²
RUBIÁS, SAN XILLAO	SAN XILLAO	O 1 de XANEIRO
SAA, SANTIAGO DE	O SANTIAGO O SAN ANTÓN ¹⁴³	2019.25-27.XULLO ¹⁴⁴ XUÑO.
SOÑAR, SAN PEDRO DE	SAN PEDRO	2019. 5-7. XULLO ¹⁴⁵
SANTA COMBA, SAN PEDRO DE	SAN RAMÓN	31. AGOSTO ¹⁴⁶
SAN ROMÁN, SANTA CRISTINA	SAN RAMÓN	31. AGOSTO
TEIXEIRO, SANTA MARÍA DE	SANTA MARÍA	15-16. AGOSTO
TIRIMOL, SAN XOÁN DE	SAN XOÁN	24. XUÑO ¹⁴⁷
TORIBLE, SANTA MARÍA DE	SANTA MARÍA	21-22. XULLO ¹⁴⁸
VILACHÁ DE MERA, SAN XILLAO	SAN XOSÉ	19. MARZO ¹⁴⁹
ALGÚNS BARRIOS DE LUGO	DEVOCIÓN¹⁵⁰	DÍAS DE FESTA
ACEÑA DE OLGA	O BO PASTOR E SAN ANTÓN	2018. 11-12. MAIO
A MILAGROSA	A MILAGROSA	2019. 5-9. SETEMB ^o
ALBEIROS	SAN ANTÓN	13. XUÑO ¹⁵¹
O CASTIÑEIRO	SAN ANTÓN	2019. 6-9. XUÑO
AS GANDARAS	SAN XOSÉ	2018. 16-19. MARZO
A PIRINGALLA	SAN ISIDRO LABRADOR	2018. 11-17. MAIO
A PONTE	SAN LÁZARO	2019-5-7. ABRIL
CASTELO	SANTIAGO	2019. 24-25. XULLO

¹³⁹ Festa relixiosa e profana. O sábado e domingo máis próximos.

¹⁴⁰ Festa relixiosa e profana. O sábado e domingo máis próximos.

¹⁴¹ Festa relixiosa e profana. A freguesía de San Mamede de Ribas de Miño celebra coa comunidade de San Martin de Piñeiro, as festas do San Martiño.

¹⁴² Festa relixiosa e profana. O sábado e domingo máis próximos ao día 29.

¹⁴³ O Sábado e domingo máis próximos ao 13 de Xuño celébrase na *Ermida de Vilamoure* a festividade do San Antón. Os veciños de Vilamoure son os encargados de cuidar o “Peto do San Antón” situado na marxe dereita da estrada de Lugo a Portomarín. Case sempre, ten ofrendas de flores e candeas de cera.

¹⁴⁴ Festa relixiosa e profana

¹⁴⁵ Festa relixiosa e profana

¹⁴⁶ O O sábado e domingo máis próximos ao 31. Festa relixiosa e profana

¹⁴⁷ O sábado e domingo máis próximos ao 24. Festa relixiosa e profana.

¹⁴⁸ Penúltimo sábado e domingo de Xullo.

¹⁴⁹ Festa relixiosa e profana

¹⁵⁰ As festividadeas destes barrios son de carácter relixioso e profano.

¹⁵¹ Dependendo de como caiga o día 13 na semana, engádase algún día denantes ou despois .

E. CONCLUSIONES. A DEVOCIÓN POPULAR NO MUNICIPIO LUCENSE NO SÉCULO ACTUAL.

Nos últimos lustros do século XX déronse unha serie de motivos, que posibilitaron que a devoción nunha serie de centros devocionais e de culto, como santuarios; e algúns altares e capelas, dedicados a diferentes entidades sacras, fora decaendo ostensiblemente. Así, os novos medios de comunicación social foron introducindo novas visións relixiosas e seculares da realidade mundana, descoñecidas para un bo número de persoas. Ademais, o desenvolvemento tecnolóxico e o aumento do nivel cultural ocasionou que os pedimentos realizados a un “ente sacro” tivesen unha menor repercusión ao ser analizadas dende unha óptica diferente. Así mesmo, o avellentamento da poboación do municipio do lugar a unha perda de devotos activos nestes centros devocionais por culpa das diferentes doenzas que se padecen nesta idade; isto motiva acudir a un familiar ou a unha persoa amiga da comunidade parroquial para que lles faga o pedimento axeitado no seu lugar. Tamén, a falta de cregos e a introducción de unidades pastorais nos medios rurais deu lugar a unha nova planificación e regulamentación de cara ás parroquias, reflectida nun menor número de servizos relixiosos. Isto ía influir dun xeito negativo na dinámica daqueles santuarios, que tiñan un territorio de gracia interparroquial e, mesmo, municipal. Polo tanto, cómpre adecuarse aos novos tempos, introducindo novas normas e códigos relixiosos, que permitan usar todos os canles dispoñibles¹⁵² para que a devoción se manteña nestes parámetros. E isto implica que paseniño debemos ir collendo o costume de adaptarnos a novas promesas de índole virtual e, polo tanto, a novas relacións espazo-temporais no que respecta aos nosos actos devocionais. *José Pinto* ¹⁵³, amigo e antropólogo portugués, dinos que sería moi positivo a réplica de altares virtuais coas súas imaxes de devoción. Así, os devotos poderían realizar peticións; acender unha vela; levar a cabo un ritual de contacto; ademais, tentarían contactar cos párrocos para que oficien misas de ofrecemento mediante previo pago da mesma etc. E isto, inicialmente sería algo moi positivo para todos os doentes, que non poden acudir aos recintos sacros. Non obstante, o envellecemento do sector clerical e a súa escasa renovación, motivaría que estas novas formas de culto faríanse extensivas a toda a poboación.

¹⁵² Hoxe, sobre todo Internet.

¹⁵³ PINTO, José e VIEIRA, Sandra.: *Ob. cit.*, 2017.

F. BIBLIOGRAFÍA

ABEL VILELA, Adolfo de.: **Guía de Lugo. Catedral**. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Turismo. S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, 2009.

DE ABEL VILELA, Adolfo.: Lugo Guía.. Lugo: Xunta de Galicia. Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Turismo.S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, 2009.

ABEL VILELA, Adolfo de.: **La ciudad de Lugo en los Siglos XII al XV. Urbanismo y Sociedad**. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Colección Galicia Histórica. Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 2009, páxs.350-354

ÂLVAREZ GASTÓN, Rosendo. **La religión del pueblo. Defensa de sus valores**. B.A.C, Madrid, 1976, páx. 36.

BLANCO PRADO, José Manuel.: “ La devoción popular a San Nicolás en la comunidad de Santiago de Saamasas (Lugo)”, en **Lucus. Boletín Informativo da Deputación Provincial de Lugo, nº 39**, 1989, páxs. 46-49.

BLANCO PRADO, José Manuel.: “ El Santuario de San Matías (San Vicente del Veral- Lugo)”, en **Lucensia. Miscelánea de Cultura e Investigación. Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo, nº 1**, 1990, páxs. 138-145.

BLANCO PRADO, José Manuel.: **Exvotos e rituais nos Santuarios lucenses**. Lugo: Deputación Provincial, 1996,

BLANCO PRADO, José Manuel.: **Santuarios da Terra Chá, Vilalba (Lugo)**: I.E.S.C.H.A. (Instituto de Estudos Chairegos), 2018.

CARDESO LIÑARES, José. **Historia, Arte y Tradiciones. Santuarios Marianos de Galicia**. Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia, 1995, páxs. 101-111.

CEBRIÁN FRANCO, Juan José. **Guía para visitar los Santuarios Marianos de Galicia**, Madrid: Ed. Encontro, 1987, páxs. 156-159.

ELIADE,Mircea.: **Tratado de Historia de las religiones**. Madrid. Instituto de Estudios Políticos, 1954, páx. 189.

FIDALGO SANTAMARINA, J.A.: **Antropología de una parroquia rural**. Orense: Cuadernos do Laboratorio Ourensñan de Antropoloxía Social. Serie Galicia Campesina 1, 1988

FIGUEROA PAZ, Antonio V.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica. Autor dos mapas de localización dos santuarios da Terra Chá.

FRAGA VÁZQUEZ, Gonzalo: “La capilla del Carmen de Lugo y su cofradía”, en **Lucensia**, nº 3. Biblioteca del Seminario Diocesano de Lugo, 1991, paxs. 81-100.

FRAZER, J.G.: **La rama dorada**. México. Fondo de Cultura Económica, 1969, páx. 41.

FUENTES ALENDE, Xosé.: Os Exvotos na Relixiosidade Popular Galega. A súa dimensión patrimonial, Santiago de Compostela: Ed. Andavira, 2019.

GONDAR PORTASANY, Marcial: **Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros. Nós os galegos**. Vigo, 1993, páx. 153.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M; RIELO CARBALLO, Nicanor; SANTOS SAN CRISTÓBAL, Sebastián; e VALIÑA SAMPEDRO, Elías. ***Inventario Artístico de Lugo y su provincia***, Madrid: Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, Ts. I-VI, 1975-1983.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M: ***Guía de festas populares de Galicia***, Vigo: Galaxia, 1997.

GONZÁLEZ REBOREDO. X.M. ***Os Santos titulares de parroquias en Galicia***, Santiago: Sotelo Blanco, 2012.

GONZÁLEZ VIGO, Marcial.: ***Terras do Concello de Lugo***. Lugo: Ed. Excma. Diputacion provincial de Lugo, 2005

LADRA, Lois.: ***Religiosidade Popular e Mitos Fundacionais no Douro Transmontano***. Vila Real (Portugal): Ed. Gremio Literario Vila-Realense. Cámara Municipal de Vila Real. Caderno Cultural nº 24, IV Serie, páx. 73, 2021.

LISÓN TOLOSANA, Carmelo. ***Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega***, Madrid: Akal. 1974.

MARIÑO FERRO, X.R.: ***Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos***. Vigo: Ed. Xerais, 1987, páx. 277.

MIGUÉLEZ DÍAZ, Xosé Antón: “Relixiosidade popular galega. Aproximación e chamadas”, en ***Estudios Mindonienses***. Anuario de Estudios Histórico-Teolóxicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol. T.2, páx.248.

PALLARES GALLOSO, Pedro. ***Argos Divina. Santa María de Lugo de Lugo de los Ojos Grandes***. Santiago: Imp. De Dro. Benito Antonio, 1700.

PINTO, José.: “Rituais constitutivos da Romaria da Senhora da Peneda. Contributo para o seu Estudo”, en ***GEPA***. Terra de Valdevez. Boletín Cultural. Municipio de Arcos de Valdevez, páxs. 103-132.

PINTO, José e VIEIRA, Sandra.: ***A festa de San Bento do Cando. Memoria de uma devoção serrana em terras de Soajo e Gavieira***. Arcos de Valdevez (Portugal): Municipio de Arcos de Valdevez, 2017

PRAT I CAROS, Joan: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en ***La Religiosidad popular, III***. Hermandades, Romerías, Santuarios. Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

RISCO, Vicente. “Etnografía. Cultura Espiritual”, en ***Historia de Galicia dirixida por Ramón Otero Pedrayo***, Ed. Akal, Madrid, 1979.

RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús.: ***Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares***. Lugo: Ed. Celtaa. 5ª ed. 1972, páx. 133.

SANTOS SAN CRISTÓBAL, Sebastián. ***Inventario Artístico de Lugo y su provincia..*** T.III, Madrid, 1980..

VÁZQUEZ SACO, F.: Nuestra Sra. de los Ojos Grades. Patrona de Lugo, Lugo: Imp. La Voz de la Verdad, 2ª, 1973

WILLIAM A.,Christian, Jr: ***Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español.***
Madrid, Tecnos, 1978, páx. 134.

G. ILUSTRACIÓNS.



NÚM. 1. SANTUARIO DA VIRXE DA SAÚDE. ADAI



NÚM.2. A NOSA SEÑORA DOS OLLOS GRANDES, PATROA DE LUGO



NÚM.3. A PROCESIÓN DA VIRXE DO CARME



NÚM. 4. IMPOSICIÓN DO ESCAPULARIO DO CARME A UNHA DEVOTA



NÚM.5. RITUAL DE “POÑER O SANTO”. SANTUARIO DA VIRXE DA SAÚDE (ADAI)



NÚM.6. RITUAL DE BENDIÇÃO DAS CHAVES. VIRXE DA SAÚDE (ADAI)



NÚM.7. MISA SOLEMNE, PRESIDIDA POLO BISPO DA DIOCESE. SAN LÁZARO DA PONTE



**NÚM.8. RITUAL PROCESIONAL. PENDÓN.CRUZ. IMAXES DE SAN LÁZARO E STA. LUCIA E CREGOS
CONCELEBRANTES. SAN LÁZARO DA PONTE**



NÚM.9. RITUAL DE CONTACTO COA IMAXE DO SAN LÁZARO. SAN LÁZARO DA PONTE



NÚM. 10. CORPOS DE CERA (HUMANOS E DE ANIMAIS). PEQUENA MACHADA, QUE SE USABA PARA REALIZAR O “RITUAL DE CORTAR A SOLTA”. SAN MATÍAS (O VERAL)



NÚM. 11. RITUAL DE “POÑER O SANTO” POR PARTE DO PÁRROCO. SAN MATÍAS



NÚM. 12. RITUAL DO SARTEGO, LIGADO AO SANTUARIO DE SAN MATÍAS (O VERAL)



NÚM. 13. SANTUARIO DO SAN ROMÁN



NÚM 14. DIFERENTES CORPOS DE CERA NO INTERIOR DUNHA VITRINA. SAN ROMÁN.



NUM 15. RITUAL PROCESIONAL. SAN ROMÁN.




NÚM. 16. RITUAL DE “POÑER O SANTO”. SAN ROMÁN.



NÚM. 17. STA. LUCÍA. CATEDRAL.



NÚM. 18. ALTAR DE SAN FROILÁN. CATEDRAL.



NÚM. 19. SAN NICOLÁS. SAAMASAS.



NÚM. 20. DEVOTA REZANDO DIANTE DO SAN NICOLÁS. SAAMASAS.



NÚM. 21. ESTANDARTE DA VIRXE DA SAÚDE E OFRENDA DE “VELÓNS” (ADAI)

H. OUTRAS ILUSTRACIÓNS.



DIFERENTES ESMOLEIROS. SANTUARIO DE SAN ROMÁN (SAN ANDRÉS DO CASTRO)

**ASISTENCIA Á UNHA DAS MISAS. SANTUARIO DO CARME (LUGO)**



A PROCESIÓN É PRESIDIDA POLO BISPO DA DIOCESE. SANTUARIO DA SAÚDE (ADAI)



***SAN ROMÁN E OUTRAS IMAXES DE DEVOCIÓN.
SANTUARIO DO SAN ROMÁN (SAN ANDRÉS DO CASTRO)***



***RITUAL DE CONTACTO COA ADVOCACIÓN MARIANA.
SANTUARIO DO CARME (LUGO)***



RITUAL DE “POÑER O SANTO”. SANTUARIO DO SAN ROMÁN. PARROQUIA DE SAN ANDRÉS DO CASTRO.



DETALLE DA ADVOCACIÓN MARIANA. SANTUARIO DO CARME (LUGO)



EXVOTOS DE CERA (OFRENDA). SANTUARIO DO SAN ROMÁN. SAN ANDRES DO CASTRO.



ESMOLEIRO DE SAN LÁZARO. SANTUARIO DO SAN LÁZARO.



ESMOLEIRO DA VIRXE DO CARME. SANTUARIO DO CARME (LUGO)



CONFESIONARIO ANTIGO. SANTUARIO DO SAN ROMÁN. SAN ANDRÉS DE CASTRO.



RITUAL PROCESIONAL. SANTUARIO DO CARME (LUGO)



RITUAL DE “POÑER O SANTO”. SANTUARIO DE SAN LÁZARO (LUGO)



DETALLE DA CAPELA DOS OLLOS GRANDES (LUGO)



RITUAL DE “POÑER O SANTO”. SANTUARIO DA SAÚDE (ADAI).



RITUAL DE CONTACTO COA ADVOCACIÓN MARIANA. SANTUARIO DA SAÚDE (ADAI)



SANTUARIO DE SAN LÁZARO (LUGO)



RITUAL PROCESIONAL. SANTUARIO DO SAN ROMÁN. SAN ANDRÉS DE CASTRO.



O PÁRROCO OFICIANDO UNHA DAS MISAS DA FESTIVIDADE DA VIRXE DA SAÚDE.



RITUAL PROCESIONAL. SANTUARIO DA VIRXE DA SAÚDE (ADAI)



OFRENDA DOS “VELÓNS”. SANTUARIO DA SAÚDE (ADAI).